

sarria

Despois de declarar a emerxencia sanitaria, Sarria conta cun novo contrato do servizo do lixo. **Páx. 3**

paradela

A primeira ruta cabalar do municipio paradelense terá lugar o vindeiro 14 de maio. **Páx. 14**

o incio

Xa están confirmadas as datas do Festival Tremeterra, que levará o 'sound system' ao Incio. **Páx. 15**

triacastela

Afalu Alzheimer impartirá un curso denominado 'Envellecer con enerxía' o 28 de maio. **Páx. 16**

o páramo

O 10 de maio celébrase a XXIX Festa dos Avós do municipio, que congregará centos de persoas. **Páx. 17**

A veciñanza sae a rúa polo servizo de Pediatría



Máis de 450.000 euros para 'Os Soutos' II

Samos, Láncara e Paradela volverán contar cun obradoiro dual de emprego. **Páx. 11**

Carmela López, presidenta da Deputación

A tamén alcaldesa de Burela valora este novo cargo desde a responsabilidade e a ilusión. **Páx. 18-19**

Feira de San Isidro



Sarria acollerá dous días de actividades para celebrar este evento tradicional. **Páx. 4**

Feira da Tenreira Galega



Láncara confirmou, un ano máis, o éxito da súa Feira da Tenreira Galega. **Páx. 13**

AC Taekwondo Sarria



A escola de taekwondo destacou no Campionato Provincial en idade escolar. **Páx. 22**

I Torneo Sarria Vila Xacobeira do Club Atalaia

A vila acolleu o primeiro torneo de ximnasia rítmica organizado por este club. **Páx. 23**



INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA



EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS



CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL
CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1,7 m³ Y 2.1m³



ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA
www.corbarsil.com



¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!
RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.



MAQUINAS Y RECAMBIOS LEMKEN

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

SARRIA

Iván Castiñeiras estará en Sarria grazas a Vendaval



A mostra de cinema portugués Vendaval volverá esta primavera á Ribeira Sacra cun novo pase que se desenvolverá entre o 23 e o 31 de maio, ofrecendo unha ampla programación cultural repartida por distintos puntos do territorio. Entre as propostas destacadas figura a participación do realizador Iván Castiñeiras, quen impartirá unha clase maxistral aberta ao público o sábado 23 de maio ás 19:00 horas na Palleira, en Manán (Sarria), cun custo de 15 euros e incluír un petisco ao remate. Durante dúas horas, o cineasta afondará na súa traxectoria como realizador, abordando traballos como Deuses de Pedra (2025), así como a súa experiencia como director de fotografía en Galicia, Portugal e Francia. As persoas interesadas poden reservar praza no número 677 22 94 63. Tras a sesión formativa, ás 22:00 horas, proxectarase de balde no mesmo espazo 'Deuses de pedra', nun pase que contará ademais cun coloquio posterior co propio autor.

MÁIS ACTIVIDADES NA PALLEIRA. A asociación cultural Crearte organiza varias actividades no marco da súa programación estacional 'Apalleira primavera 2026' centradas na creación, a memoria e a participación colectiva.

No mes de maio, entre os días 4 e 15, desenvolverase unha residencia artística a cargo de Daniela Cruz, orientada á creación contemporánea. A programación continuará o sábado 9 cun obradoiro de percusión dirixido por Sira Goyanes, mentres que o domingo 10 será a quenda do movemento corporal da man de Rut Balbís.

A actividade prolongarase en xuño co obradoiro de cerámica impartido por Vero Quintela o sábado 13, e rematará o domingo 14 cunha nova sesión de 'Mañán onte e hoxe con Xosé Gago', pechando así un ciclo que combina disciplinas artísticas e reflexión arredor da memoria colectiva.

Inaugurada a exposición 'O lexicón freático', a nova proposta da Trienal

A Asociación Cultural Huhú inaugurou 'O lexicón freático', a exposición central do cuarto bloque expositivo da Trienal Sarria, unha proposta que vai máis alá do formato expositivo tradicional ao funcionar tamén como ferramenta conceptual interpretada polos artistas e como peza editorial singular. Trátase dunha publicación de edición limitada a 500 exemplares numerados manualmente e impresos con tipo de chumbo, o que a converte nunha auténtica xoia bibliográfica.

A iniciativa reúne traballos de Bárbara da Fonte, Clo Plas, João Vasco Paiva, Salvador Cidrás e Víctor López, realizados na súa maior parte de maneira específica para este contexto. O proxecto toma forma no propio espazo de A Sede – NDAC, situado nun complexo industrial semiabandonado entre un río e as vías do tren, un emprazamento marcado por fluxos constantes e condicións materiais cambiantes que inflúen directamente no proceso creativo das pezas. Durante a inauguración, á que asistiron numerosas persoas, o público puido achegarse ás propostas artísticas dos creadores participantes e gozar tamén de intervencións en directo, entre elas unha performance de Bárbara da Fonte e un concerto de Clo Plas, que contribuíron a reforzar o carácter vivo e dinámico da mostra.

A exposición permanecerá aberta ao público ata o 6 de xuño, tempo durante o que a organización agarda seguir recibindo visitantes interesados nesta proposta que combina creación contemporánea,



reflexión conceptual e experimentación editorial.

REVISTA MACHETA. A Asociación Cultural Huhú abriu a convocatoria para participar no número 10 da súa revista Macheta, unha publicación caracterizada polo seu ton libre, creativo e aberto á experimentación artística de persoas coñecidas ou anónimas e ligadas á arte de Sarria, da comarca e incluso de Galicia que queiran participar. Nesta ocasión, a nova edición levará por título 'Canto peregrino'. A entidade convida a enviar todo tipo de achegas, desde textos literarios ata cómic, deseño gráfico, collage, apuntamentos, listas da compra, imaxes, fragmentos, rarezas e propostas difíciles de clasificar. Nun ton irónico habitual da publicación, tamén sinalan que aceptan billetes de 50 euros, aínda que unicamente en formato orixinal.

Como en anteriores edicións, a organización indica que publicará todas as colaboracións recibidas, agás aquelas que teñan carácter publicitario ou promocional, xa sexa comercial, institucional, militante ou presentado baixo outra aparencia.

As bases establecen unha extensión máxima de dúas caras de folio ou entre 750 e 1.000 palabras. No caso de superar ese límite, a asociación advirte con humor de que se reserva o dereito a imprimir os textos nun tamaño de letra similar ao dos prospectos do paracetamol. A convocatoria admite traballos en calquera idioma e, segundo sinalan desde Huhú, se o contido non se entende "xa é cousa vosa".

O prazo para remitir colaboracións permanecerá aberto ata o próximo 1 de xullo.

A Macheta é un espazo alternativo de creación e participación cultural.

EXCLUSIVIDAD para la SALUD de tu SONRISA

Especialistas centrados en:

- Ortodoncia infantil y adultos
- Ortodoncia invisible
- Articulación Temporomandibular
- Bruxismo
- Problemas de Oclusión y Función
- Diseño de sonrisa
- Ortopedia dentofacial

982 22 58 70 • 659 44 05 13
info@ortodondciafigueiras.es

Rúa Camilo José Cela 13, Local 1. 27002 Lugo
(Pza. de Augas Ferreas, esq. R/ Cántigas e Frores)

¡Ortodondcia
todos los días!

Lunes, miércoles y jueves:
12:00 a 20:00 h
Martes y viernes: 9:00 a 17:00 h

Aprobados os orzamentos municipais coa abstención do PP

O Concello de Sarria aprobou os orzamentos municipais para o ano 2026, que ascenden a 14,5 millóns de euros, cos votos favorables do equipo de goberno de Camiña Sarria e a abstención do Partido Popular, que malia criticar o contido das contas apelou á “responsabilidade”. Pola súa banda, PSOE e BNG votaron en contra e reprocharon ao executivo local, en minoría, a ausencia de negociación previa para consensuar o documento económico.

O alcalde, Claudio Garrido, defendeu unhas contas que “están adaptadas á realidade do Concello e garanten o cumprimento dos ratios de persoal e a prestación dos servizos públicos”.

O Partido Popular xustificou a súa abstención na necesidade de garantir o pagamento a provedores e facilitar o cobro de axudas por parte de asociacións e clubs do municipio. A súa portavoz, Carmen José López, asegurou que “estes nunca serían os orzamentos do PP” e avanzou que o seu grupo aspira a presentar unha proposta propia “máis pronto que tarde”. Con todo, advertiu de que votar en contra comprometería investimentos e atrasaría o aboamento de facturas pendentes e subvencións a distintos colectivos. “O PP é un partido con vocación de gobernar, non de bloquear”, sostivo Carmen, quen asegurou sentirse “orgullosa de non abocar a Sarria a unha debilidade maior da que ten”.

Desde a oposición, socialistas e nacionalistas insistiron na falta de negociación do executivo local e vincularon a abstención popular a acordos políticos previos entre PP e Camiña. O portavoz socialista,



Benjamín Escontrela, acusou ao alcalde de gobernar “con prepotencia e con chantaxe” e de pretender “trasladar á oposición a súa mala xestión”. Ademais, afirmou que o Concello mantén 1,5 millóns de euros de débeda viva, un capítulo de ingresos “inflado”, un orzamento baseado “en impostos” e unha administración local “case intervida”. “Non tivo nin terá vontade de negociar”, declarou.

Nunha liña similar pronunciouse o BNG. O seu portavoz, Efrén Castro, recorreu ao símil do “día da marmota” para definir a situación política municipal e asegurou que “así é imposible que o BNG preste apoio ou abstención a un orzamento que non tivo a máis mínima intención de negociar”.

Durante a sesión plenaria tamén se debateron varias mocións. O grupo municipal do Partido Popular presentou dúas iniciativas que foron aprobadas por unanimidade. A primeira delas centrouse no estado de conservación de varias estradas de titularidade provincial dependentes da Deputación de Lugo. Os populares alertaron da presenza de fochancas, firmes de-

teriorados e falta de mantemento en vías como a LU-P-5701, en Céltigos; a LU-P-5714, no seu tramo urbano con problemas no inicio da rúa Xela Arias; así como nas estradas LU-P-5709 e LU-P-5710.

A segunda proposta do PP abordou o abastecemento de auga en Callás de Abaixo, onde veciños e empresas situados na contorna da estrada de Piñeira carecen de conexión á rede municipal e dependen de sistemas propios como pozos ou captacións. A corporación apoiou tamén esta demanda para procurar solucións. Pola súa banda, o PSOE levou ao pleno unha moción para adoptar medidas que contribúan a paliar as dificultades de acceso á vivenda, que saíu adiante tras un intenso debate no que se produciron acusacións cruzadas entre o PP e o BNG. Así mesmo, os socialistas presentaron outra iniciativa relativa á xestión e execución dos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, coa que se aprobou a actualización do plan de igualdade municipal, nunha sesión que combinou cuestións económicas, sociais e de servizos básicos.

Entra en funcionamento o novo servizo do lixo



O Concello de Sarria xa conta cun novo servizo de recollida do lixo e limpeza viaria despois de adxudicar de maneira temporal e excepcional o contrato a unha empresa de Vigo por un importe anual de 840.000 euros. A medida adoptouse despois de que o pasado 7 de abril se declarase a emerxencia sanitaria no municipio pola acumulación de residuos sólidos, o deterioro dos colectores, a presenza de roedores e insectos e a grave alteración das condicións de hixiene e salubridade na vía pública.

Por iso, o goberno local acordou acordou o cesamento da anterior concesionaria, que viña prestando o servizo cun contrato caducado desde hai seis anos.

Daquela, o BNG de Sarria lembrou que xa viña advertindo do deterioro progresivo do servizo e das consecuencias que podía ter para a saúde pública e para a imaxe da localidade, sostendo que a emerxencia sanitaria é consecuencia de “sete anos de desleixo” na xestión da recollida de residuos. Efrén Castro explicou que o actual executivo herdou uns pregos xa preparados para iniciar unha nova licitación do servizo, pero optou por non tramitalos e mantelos paralizados durante todo

este tempo. Ao seu xuízo, esa decisión provocou unha degradación continuada do sistema ata desembocar na situación límite recoñecida finalmente polo propio Concello.

Con todo, cun novo contrato adxudicado, que se manterá vixente ata que o Concello formalice a adxudicación definitiva mediante o procedemento ordinario, para o que previamente será necesaria a aprobación dunha nova ordenanza fiscal, a empresa xa iniciou a súa actividade no municipio coa subrogación dos 14 traballadores vinculados ao servizo e coa incorporación de camiións novos, xa que os vehículos da concesionaria anterior presentaban deficiencias. Ademais, serán cen novos colectores que se irán instalando progresivamente a medida que sexan recibidos. Un primeiro lote xa chegou a Sarria e os cambios comezarán polos recipientes que se atopan en peor estado. Tamén se iniciaron tarefas de baldeo e limpeza das rúas da vila e está previsto que a partir deste xoves se incorpore unha varredora mecánica. O obxectivo do Concello é desenvolver un plan de choque co reforzo de operarios municipais para axilizar o máximo posible a recuperación da limpeza urbana.

A CASA

cenor

TV QLED 65"
DAEWOO
65DM55QV **399€**

cenor Tu lavadora en tu pequeña GRAN tienda

10kg
1.400 rpm
A
Whirlpool
PVP antes 499€
399€

Rúa Diego Pazos, 5,
27600 Sarria, Lugo
982 53 09 25
info@electrodomesticosacasa.com

ELECTROINSTALACIONES ELECTRICAS SARRIA S.L

INSTALACIONES ELECTRICAS, FOTOVOLTAICAS Y CARGADORES VEHICULOS ELECTRICOS

CARGADORES PARA COCHES ELÉCTRICOS INSTALADOS POR PROFESIONALES

CONECTA CON EL FUTURO EN TU HOGAR O NEGOCIO

¿Sabes que podemos instalar tu cargador eléctrico con hasta un 80% de subvención? Nosotros realizamos los trámites. Asesórate sin compromiso

Pol. Ind. San Julián de la Vega, Nave 4
27614, Sarria
621 263 958 982 167 196
administracion@electrosarria.es

A IV Concentración Motera de Sarria Bikers encherá a vila de motor



Sarria converterase nun punto de encontro para amantes do motor coa celebración da IV Concentración Motera Sarria Bikers, que terá lugar os días 15, 16 e 17 de maio cun completo programa de actividades dirixidas a todos os públicos.

A programación arrancará o venres 15 coa apertura de inscricións ás 18:00 horas, seguida dunha pancetada popular ás 22:00 horas. A xornada completarase cun concerto da orquestra Neverloura e a actuación de DJ Cendoi a partir das 23:30 horas.

O sábado 16 será o día con maior número de propostas. A partir das 9:30 horas abriranse novamente as inscricións e os participantes poderán gozar de almozos en locais colaboradores. Ás 10:30 horas está prevista unha ruta motociclista libre con pinchos, mentres que ás 14:00 horas terá lugar unha sesión vermú coa charanga Eravisto. Xa pola tarde, ás 15:30 horas, desenvolveranse xogos moteiros e unha actividade de "porco mecánico". Ás 18:30 horas celebrase unha exhibición motociclista

a cargo de Balles & Pichu Stunt Show, con entrada libre. A xornada continuará cunha ruta de fachos ás 20:00 horas en memoria dos moteiros falecidos, acompañada de consumicións en locais colaboradores, e culminará cunha cea ás 21:30 horas e un concerto do grupo Keepers xunto con DJ Cendoi ás 23:30 horas.

O domingo 17 manterá a actividade cun novo inicio ás 9:30 horas coas inscricións e almozos. Ás 10:30 horas repetirase a ruta motociclista libre con pinchos e, ás 12:00 horas, celebrase unha sesión vermú amenizada por disco Eravisto. Ás 13:00 horas terá lugar o sorteo de premios, agradecementos e entrega de trofeos, para rematar ás 14:00 horas coa comida de clausura.

A organización establece diferentes modalidades de inscrición, cun prezo de 50 euros para a completa, que inclúe comidas, actividades e acampada, e de 40 euros para media inscrición. O evento desenvolverase no Campo da Feira e contará coa colaboración de distintas entidades e institucións.

Sarria acolle a XXXVI Mostra Agro-Gandeira de San Isidro

Sarria volverá converterse nun punto de encontro para o campo lucense coa celebración da XXXVI Mostra Agro-Gandeira de San Isidro, unha cita xa consolidada no calendario local que se desenvolverá os días 9 e 10 de maio no Campo da Feira.

A programación arrancará o sábado 9 de maio ás 10:00 horas coa inauguración e apertura do recinto feiral. Ao mediodía celebrarase a poxa de xovencas frisoas organizada por Africor, acompañada pola actuación de Meigas e Trasgos. Xa pola tarde terá lugar a VI Feira Cabalar de Pura Raza Cabalo Galego, así como o concurso morfolóxico puntuable para a XXV Copa Galicia de equinos autóctonos. A xornada completarase cun espectáculo de doma de alta escola con cabalo, a final do IV Rally "Vila de Sarria" de coches clásicos e unha pancetada baile amenizada por "La hora bruja".

O domingo 10 de maio a actividade



continuará desde as 10:00 horas coa apertura da feira do ano 2026. Ás 12:00 horas celebrarase a poxa de reses de Rubia Galega organizada por Acruga e terá lugar unha actuación de Pelerifios. Xa ás 13:00 horas haberá un pasarrúas e concerto da Banda de Música da Comarca de Sarria cun repertorio de

música en galego e baixo a batuta de Manuel Montero.

Un dos momentos máis destacados será o I Gran Premio de Habilidade Tractorista, con primeira manga ás 12:30 horas e segunda manga e final ás 17:00 horas. O programa incluírá tamén o sorteo dun obsequio agro-gandeiro de San Isidro.

Confirmadas as datas das primeiras actuacións das festas do San Xoán

Sarria prepárase para vivir unha nova edición das súas festas patronais de San Xoán, que este ano se estenderán do 23 ao 27 de xuño cunha programación variada que combina tradición, música e lecer para todos os públicos. O inicio das celebracións terá lugar o día 23 coa tradicional Noite do Lume no campo da feira, unha cita que contará coa animación do grupo de música tradicional Eoas. A xornada completarase con actuacións no recinto do campo de

rugby do Chanto e os seus arredores, onde tamén soarán a música da formación Costa Dorada.

O día 24, xornada grande dedicada a San Xoán, será un dos momentos máis agardados, con verbenas protagonizadas por orquestras de referencia como París de Noia e Los Satélites, que encherán de ambiente festivo a vila.

A programación musical continuará o 25 de xuño coa presenza de Ráfaga e New York, mentres que o día 26 será a quenda de Charles-

ton Big Band e Trébol, que tomarán o relevo para manter o ritmo das festas.

Como broche final, o 27 celebrase o festival Vibra Xoán, unha cita que contará cun concerto de entrada libre en colaboración coa Deputación e que nos últimos anos trouxo a Sarria artistas de gran recoñecemento. Desde o Concello agardan repetir outro éxito no San Xoán, consolidándoo como un dos grandes atractivos das festas.

OSCAR
ALQUILER DE COCHES

951 12 93 33

OSCAR.ES



Alquiler de Vehículos en Sarria

VEHÍCULOS INDUSTRIALES



DESDE **36€** /DÍA

TURISMOS



DESDE **30€** /DÍA

MONOVOLUMEN 6-9 PLAZAS



DESDE **90€** /DÍA

200 KM INCLUIDOS AL DÍA Y SEGURO

NOPER CAR

TENEMOS UN COCHE DE ALQUILER PARA CADA NECESIDAD

Viajes, eventos, Camino de Santiago, coches de sustitución, vacaciones...

“O noso forte é a atención ao cliente e a calidade do traballo”

ElectroSarría nace no ano 2001 como unha empresa dedicada ás instalacións eléctricas, contando con 25 anos de experiencia no sector

ElectroSarría fai 25 anos, como foron os inicios?

Hai 25 anos, Carlos, José Luis e eu, que traballabamos xuntos noutra empresa, decidimos emprender e comezar con esta aventura. Co paso do tempo, José Luis xubilouse e seguimos á fronte Carlos e mais eu. Esta empresa dedícase ás instalacións eléctricas, desde o principio enfocada ás instalacións no rural, en explotacións, sendo as gandarías, establos e granxas os lugares onde centramos a maior parte do noso traballo. Tamén, instalamos grupos electrógenos automáticos e encargámonos do mantemento deses

proprios cliente, así como placas solares, con almacenamento ou sen el; e na actualidade temos un importante impulso nos cargadores de coches.

Como é o traballo do equipo?

Temos doce traballadores, existindo dúas partes diferenciadas na empresa: hai unha parte eléctrica, na que nos dedicamos ás instalacións e ao mantemento no eido eléctrico, e outra parte máis mecánica, de montaxe de granxas. Montamos o interior da granxa, con comedeiros, bebedeiros... todo o que necesiten os animais para estar dentro das instalacións, automatizámolo todo coas

mana, polo que sempre hai persoal de garda para atender posibles incidencias. Ese é o noso forte: o servizo e a calidade do traballo. Levamos a cabo unha atención próxima ao cliente, con asesoramento incluído e contacto continuo. Sempre estamos ao servizo das persoas que nos encargan obras; asesorámolas e atendémolas, porque contamos con xente moi preparada.

Cal é o seu ámbito de actuación?

Actuamos na comarca de Sarria e nun radio de 100 km pola provincia de Lugo e Galicia. Estivemos en Guitiriz, por exemplo, e agora estamos cunha obra en Arzúa. Máis lonxe



ou híbrido, e nós proporcionámoslle un cargador para poder cargalo na casa, o que implica realizar unha instalación conforme á normativa vixente, tramitar documentación e xestionar unha subvención que normalmente está aberta durante boa parte do ano. De todo iso encárgase a nosa oficina técnica: proporcionamos toda a documentación da subvención, a legalización do cargador, realizamos a instalación, poñémolo en marcha e deixámolo todo debidamente documentado segundo a normativa. Hai unha persoa na oficina que se encarga de solicitar toda a documentación ao cliente, xestionar a legalización e tramitar a subvención, que pode chegar ata o 80% do investimento. Todo ese proceso xestiónase integramente desde a oficina.

Cre que aumentará a venda de vehículos eléctricos tendo en conta a subida dos combustibles fósiles debido á guerra entre EE.UU e Irán?

Para min, o coche eléctrico é unha solución de futuro. Non o recomendo para viaxes moi longas pola autonomía que teñen, xa que implica facer varias paradas. Pero para o uso diario é unha opción interesante para aforrar, tendo en conta o custo dos combustibles. Ademais, existen subvencións para a compra destes vehículos e tamén para os cargadores, polo que tamén se afo-

rra nese sentido.

Mantense a alta demanda de placas fotovoltaicas?

Non, baixou. Esa demanda sempre depende do prezo da electricidade. Cando sobe o prezo, a xente busca alternativas para reducir a factura. Agora mesmo a demanda baixou tranquilamente un 50 %. Nós seguimos instalando porque, como comentaba antes, en granxas illadas proporcionamos corrente mediante enerxía fotovoltaica e almacenamento con baterías de litio, para que toda a explotación funcione. O 90 % das grandes explotacións teñen placas solares porque reciben subvencións para investir nelas, non requiren demasiado mantemento nin xeran demasiadas avarías e aportan un retorno do investimento rápido.

Como cre que está o sector?

Como en todos os sectores, falta man de obra cualificada e no noso ámbito, que é máis técnico e require formación, cústanos atopala. Pero agora temos algún rapaz que vén de FP dual e moi ben, estamos moi contentos. Paréceme unha solución para formar unha persoa na rama eléctrica e ao entrar na empresa xa chegan con nocións e ganas de traballar, ven a realidade do sector e poden decidir se lles gusta ou non. En resumo, o sector eléctrico está nun momento forte.



sistemas. En 2018 fomos ampliando, equipando granxas de galiñas, de polo e de porcos. E iso levounos cara ao ámbito fotovoltaico, porque había moita demanda por parte dos

últimas tecnoloxías dispoñibles, e despois a terceira pata é a asistencia ao cliente e o mantemento de todo iso. Contamos cun servizo de avarías 24 horas, incluso fins de se-

sería necesario desprazarse e resultaría máis complicado.

En que consiste a instalación de cargadores de vehículos eléctricos?

O cliente merca un coche eléctrico

ESTE 2026 CUIDA TU SALUD ORAL. ¡VEN A CONOCERNOS!



- Odontología estética
- Ortodoncia
- Odontología preventiva
- Implantología oral
- Endodoncia
- Cirugía oral
- Prótesis
- Periodoncia
- Odontopediatría
- Patología de la oclusión

C-27-001438

- **DRA. IRIA GASAMÁNS.** Odontología general, endodoncia y prótesis. Colegiada 27001306.
- **DR. ALFREDO RODRÍGUEZ GRANDJEAN.** Cirugía oral e Implantología. Colegiado 15001940.
- **DR. SAMUEL GARABAL.** Ortodontista. Colegiado 27001180.
- **ANISSA AMANCHAR.** Higienista bucodental. Colegiada 1674.



**CLÍNICA
OBRADOIRO
DENTAL**

Rúa Pedro Saco, 37 • Tel. fijo: 982 831 632 • Móvil: 621 404 218

A ANPA do colexio da Asunción de Sarria organiza o ASUNFEST



A ANPA do colexio da Asunción de Sarria organiza ASUNFEST, unha xornada festiva que se celebrará o sábado 30 de maio e que nace coa vontade de reencontro entre xeracións, alumnado, familias e persoal vinculado ao centro educativo. A actividade dará comezo ás 18:00 horas no propio colexio da Asunción, onde as persoas asistentes poderán percorrer as instalacións, gozar dun doce de benvinda e realizar fotografías para o recordo. Trátase dun primeiro momento pensado para regresar aos espazos do centro e revivir experiencias da etapa escolar. A partir das 20:30 horas, a celebración continuará en Meigallo, onde se servirá unha selección de pinchos variados nun ambiente distendido e acolledor. O prezo do menú será de 15 euros para adultos e maiores de 13 anos, e de 12 euros para o menú infantil destinado a menores de 12 anos, incluíndo ambos auga.

A venda de entradas realízase na secretaría do colexio, de luns a venres en horario de 9:10 a 11:00 horas e de luns a xoves de 16:00 a 17:00 horas. Desde a organización destacan que ASUNFEST pretende ser unha ponte entre o pasado e o presente, permitindo regresar á infancia a través dos recordos do colexio, reencontrarse con compañeiros e compartir coas familias o lugar no que medraron moitas xeracións. Ao mesmo tempo, a xornada busca abrir o centro á realidade actual das familias, mostrando espazos, rutinas e vivencias do día a día escolar. A iniciativa está pensada como unha gran reunión da familia Asunción, que inclúe alumnado e antigos alumnos, nais e pais, profesorado actual e histórico, persoal do centro, relixiosas e persoas usuarias do internado, nun espazo de convivencia e creación de novos recordos compartidos.

Os institutos celebrarán unha comida interxeracional polo seu aniversario

O IES Xograr Afonso Gómez de Sarria e o IES Gregorio Fernández organizan unha comida de convivencia interxeracional para conmemorar os primeiros 50 anos do ensino público medio e superior na localidade. O encontro celebrarase o vindeiro 29 de maio ás 15:00 horas no Hotel Alfonso IX.

A convocatoria está aberta a toda a comunidade educativa vinculada a estes dous institutos, tanto alumnado como profesorado e persoal que formou parte dos centros ao longo destas cinco décadas. Para participar será necesario inscribirse previamente antes do 15 de maio. A iniciativa busca converterse nun espazo de encontro e lembranza, no que compartir experiencias acumuladas ao longo de medio século de traxectoria



educativa. Desde a organización destacan que son “50 anos aprendendo, descubriendo o mundo, tecendo comunidade, creando hábitos, reivindicando valores democráticos e liderando a renovación pedagóxica”. Ademais, subliñan que o máis

relevante para a comunidade é que foron tamén “50 anos soñando futuros”, polo que animan a todas as persoas que forman ou formaron parte destes centros a sumarse a unha celebración pensada para poñer en valor a súa historia común.

'A rúa é nosa' converterá Sarria nun escenario aberto o 16 de maio

Sarria converterase o próximo 16 de maio nun gran punto de encontro cultural coa celebración do festival 'A rúa é nosa — Fest 2026', unha iniciativa impulsada polos colectivos AC Rúa da Música e Buril ACDE. A proposta pretende recuperar o espazo público como lugar de convivencia, creatividade e expresión artística ao longo de toda unha xornada. A programación comezará ao mediodía cunha comida popular baseada en churrasco e vermú, pensada como un momento de

encontro entre a veciñanza. A organización indica que esta actividade contará con invitación previa destinada principalmente á xente da zona, reforzando así o carácter comunitario do evento. Xa pola tarde-noite, a música en directo tomará o protagonismo cun cartel que reúne a varias bandas de estilos diversos. Sobre o escenario pasarán grupos como Beach Avenue, Lapsus Mentis, Flora e Alterazion, que ofrecerán concertos a partir das 20:00 horas nun ambiente aber-

to e participativo. Un dos elementos distintivos da cita será o sistema de billeteira inversa, mediante o cal cada asistente poderá decidir a contía da súa achega económica. Esta fórmula busca apoiar directamente ás bandas e facilitar o acceso á cultura sen barreiras fixas. Ademais da música e da gastronomía, o festival contará cun espazo de mercadiño con postos de arte e creación local, no que diferentes iniciativas darán a coñecer os seus proxectos.

**PERMUY
GESTIÓN**

CORREDURÍA DE SEGUROS

**¡40 AÑOS DE EXPERIENCIA
ASEGUANDO TU TRANQUILIDAD!**

Obtén el mejor seguro al mejor precio con nuestro asesoramiento profesional.

¡No te pierdas nuestras ofertas de mayo!

Ven y descubre nuestras promociones especiales en productos de inversión y seguros de salud y decesos.

¡TE ESPERAMOS!

Rúa da Liberdade, 86 27400 SARRIA (Lugo)

982 53 01 47
982 53 50 63
610 221 677



SARRIA, unha comarca con sabor



O MIRALLOS

Comida Casera
Cocidos por encargo
Pollos camperos caseros (por encarga)

Mirallos 1, Paradela
RESERVAS:
TEL.: 639 010 696




RESTAURANTE A CARBALLEIRA DE REBOLEIRA
LEÑA Y CARBÓN

MAESTROS DE LA PARRILLA

Instagram: @a.reboleira_restaurante
San Martín de Río Lancia
A Reboleira 27692
Tlf: 641 027 705



- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:
Telf. 982 546 063

Facebook: Casa de Airo Padron






982 535 334
697 491 756
Calvo Sotelo, 124
27600 SARRIA (Lugo)

A Pulperia de Luis



RIO LOYO
Restaurante

Mesón Castro



Domingo noche / lunes cerrado
Amplia terraza de verano
Comida para llevar

Reservas
Cimo de Agra, s/n · Sarria / Tel. 982 041 697




Pontenova
mesón restaurante

Amplia terraza de verano
Servicio de catering
Comida casera
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Instagram: @catering_meson_a_pontenova
Facebook: Meson pontenova




A Fervenza
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel.: 982 15 16 10 - info@fervenza.com
Abrimos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad
Eventos y reuniones





A exposición 'Tan coma ti' poderá verse en Sarria



A Plataforma Diversa Infantil de Sarria e Down Lugo organizan a exposición fotográfica 'Tan coma ti', unha iniciativa coa que se dá a coñecer a realidade actual das persoas con síndrome de Down. A mostra permanecerá aberta ata o venres 29 de maio.

As imaxes, realizadas por usuarias e usuarios da Asociación Down Lugo, poderán visitarse

en dous espazos diferentes: no Garaxe, local onde se atopa o Servizo de Atención Temperada da comarca de Sarria, e na Casa da Cultura de Sarria, ampliando así o alcance da exposición a distintos puntos da vila.

O acto de inauguración contou cunha visita guiada a cargo das propias autoras e autores das fotografías.

Sarria acolleu unha reunión sobre o dispositivo pola eclipse solar

A subdelegada do Goberno en Lugo, Olimpia López, presidiu en Sarria unha xunta de seguridade cos concellos do sur da provincia co obxectivo de avanzar na planificación do operativo que se activará con motivo da eclipse total de sol previsto para o 12 de agosto. No encontro participaron representantes das comarcas da Ulloa, Chantada, Sarria e Terra de Lemos, zonas nas que se agarda unha elevada chegada de visitantes atraídos por este fenómeno astronómico.

Olimpia López destacou que o Goberno está a traballar con antelación e en colaboración cos concellos para garantir que este acontecemento se desenvolva con todas as garantías de seguridade e organización.

Un dos asuntos centrais foi a necesidade de avanzar na definición



de puntos de observación seguros e organizados, que permitan canalizar a afluencia de persoas e garantir unha experiencia ordenada. Neste sentido, tamén se incidiu na planificación de accesos, zonas de estacionamento e dispositivos especiais de tráfico.

A Subdelegación do Goberno solicitou aos concellos que iden-

tifiquen espazos adecuados, con boas condicións de visibilidade e capacidade suficiente, co fin de facilitar a organización dos servizos de seguridade e emerxencias.

A eclipse servirá para poñer en valor o territorio mediante unha planificación responsable que priorice a seguridade da cidadanía.

A Asociación El Serbal organizou unha exposición de *bonsái*

Sarria acolleu unha proposta cultural arredor do mundo do *bonsái* e da cerámica da man da Asociación El Serbal, que combinou exposicións, demostracións e obradoiros.

A actividade desenvolveuse na Rúa Porvir, onde as persoas puideron achegarse á arte do *bonsái* e da cerámica a través de diferentes actividades prácticas que despertaron un notable interese entre o público.

Un dos momentos máis salientables foi a demostración de José Antonio Peña Alonso, profesional con 40 anos de experiencia, que amosou as técnicas e coñecementos adquiridos na

súa ampla traxectoria, despertando gran atención entre os participantes. O programa incluíu, o día 1, obradoiros de *bonsái* e cerámica; o día 2, obradoiros de *bonsái* e actividades de barro infantil; e o día 3, obradoiros de *bonsái* xunto cunha demostración de Lolo centrada na cocción en *raku*, unha das técnicas máis apreciadas dentro desta disciplina artística. A iniciativa contou co apoio do Concello de Sarria e desenvolveuse con boa acollida por parte da veciñanza, reforzando así a oferta cultural e formativa do municipio durante a celebración desta proposta.

O Concello impulsa novas formacións gratuítas en competencias dixitais

O Concello de Sarria anuncia a posta en marcha de dúas novas accións formativas presenciais e de carácter gratuíto destinadas a mellorar as competencias dixitais da poboación. Estas iniciativas enmárcanse no programa YO CONECTO, orientado a facilitar o acceso a novas oportunidades tanto no ámbito persoal como profesional a través do uso das tecnoloxías.

As formacións desenvolveranse na aula Cemit da Casa da Cultura, situada na rúa Marqués de Ugena, e están deseñadas para adaptarse a

distintos niveis de coñecemento. O obxectivo é que as persoas participantes poidan adquirir habilidades tanto básicas como avanzadas no manexo de internet, ferramentas dixitais e novos recursos tecnolóxicos, contando ademais cunha certificación ao finalizar os cursos.

Un dos cursos ofertados é o de iniciación ao mundo dixital, dirixido a quen desexe comezar a utilizar internet, a administración electrónica, as redes sociais ou a banca dixital. Esta formación impartirase os días 18, 20, 25 e 27 de maio en

horario de 10:00 a 13:00 horas.

A segunda proposta céntrase na creación de contidos con intelixencia artificial, unha formación orientada ao uso práctico destas ferramentas no ámbito profesional. Neste caso, as sesións terán lugar os días 18 e 25 de maio en horario de 15:00 a 20:00 horas.

Desde o Concello animan á veciñanza a participar nestas accións, que buscan fomentar a inclusión dixital, mellorar a empregabilidade e promover un uso seguro e eficiente das novas tecnoloxías.

PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN

ARTAI
HORMIGONES

Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34

27614 Sarria - Lugo

Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501

Móvil: 629 802 700 - 629 817 933

email: hierrostouron@gmail.com

Convocan unha concentración polo servizo de Pediatría no centro de saúde

Veciños e veciñas de Sarria están chamados a participar nunha concentración o vindeiro 14 de maio ás 9:30 horas diante do centro de saúde co obxectivo de esixir que se garanta un servizo de Pediatría axeitado e estable. A mobilización inclúe tamén unha recollida de sinaturas para reforzar a demanda cidadá e reclamar unha solución urxente á actual situación asistencial.

Segundo trasladan os convocantes, o problema deriva da xubilación dun dos dous pediatras cos que contaba o centro sanitario, unha praza que, aseguran, continúa sen ser cuberta meses despois. Esta circunstancia está a provocar dificultades na atención sanitaria da poboación infantil ao reducirse os recursos dispoñibles e concentrar toda a carga asistencial nunha única profesional.

Ante esta falta de persoal, moitas familias vense obrigadas a desprazarse ao Hospital Lucus Augusti, en Lugo, ou a depender da dispoñibilidade da única pediatra en activo, o que complica a organización das citas, incrementa os tempos de espera e xera incerteza entre os proxenitores.

A protesta busca visibilizar unha problemática que, segundo denuncian, afecta directamente á calidade da



atención sanitaria dos menores e á tranquilidade das familias. Os convocantes consideran imprescindible recuperar as dúas prazas de Pediatría para garantir unha asistencia próxima, continuada e de calidade.

Así, a situación no centro de saúde de Sarria non é nova. Xa no pasado mes de decembro o BNG de Sarria levou ao pleno municipal unha moción para reclamar que se dotase de persoal suficiente o servizo de Pediatría, nun contexto no que a formación viña advertindo reiteradamente das deficiencias sanitarias existentes. Os nacionalistas esixían daquela á Xunta de Galicia a cobertura inme-

diata das vacantes, facendo especial fincapé na área pediátrica, que consideran unha das máis afectadas.

Segundo explicaban, a falta de profesionais obrigaba á única pediatra dispoñible a atender non só ás nenas e nenos da zona de Sarria, senón tamén aos usuarios do centro de saúde da Pobra de San Xáio, en Láncara, onde a praza correspondente tamén permanece sen cubrir. ble nun sistema público de calidade. Aquela moción fora aprobada por unanimidade na Corporación local. Porén, cinco meses despois, a situación continúa sen resolverse, polo que a veciñanza decide saír á rúa.

Chega a Sarria 'Risas con perspectiva feminista'



A Casa da Cultura será escenario o vindeiro 24 de maio, ás 19:00 horas, do espectáculo "Risas con perspectiva feminista", unha proposta escénica que mestura humor e reflexión social a través dunha ollada crítica, actual e próxima á cidadanía. A actividade contará coa participación do dúo cómico Sobria e Serena, formado polas artistas galegas Jazmín Abuín e Arantxa Treus, que achegan ao público unha visión do feminismo accesible para todas as persoas mediante un formato dinámico, participativo e comprometido. A iniciativa está promovida pola

Deputación de Lugo, dentro da súa programación cultural e de sensibilización social dirixida aos concellos da provincia, coa finalidade de achegar actividades que fomenten a igualdade e a participación cidadá.

O espectáculo terá unha duración aproximada de 90 minutos e incluírá historias reais que cuestionan o machismo e os estereotipos de xénero, ao tempo que fomentan a empatía, o diálogo e a igualdade entre mulleres e homes. A representación celebrarase con entrada de balde ata completar o aforo, fixado en 126 butacas.

Risas con Perspectiva FEMINISTA

Ven a rir e reflexionar co dúo cómico **SOBRIA E SERENA** (Jazmín Abuín e Arantxa Treus) dúas artistas galegas que poñen o feminismo ao alcance de todos e todas cun humor comprometido.

Un espectáculo de 90 minutos cheo de historias reais que cuestionan o machismo mentres xeran empatía e diálogo.

SARRIA

24/05/2026 ás 19:00 horas

📍 Casa da Cultura de Sarria
Rúa Marqués de Ugena, s/n, 27600 Sarria,
Lugo

ENTRADA DE BALDE

*Aforo máximo 126 butacas

A Feira do Libro de Sarria foi todo un éxito de participación

A recuperada Feira do Libro de Sarria, celebrada durante esta fin de semana en Villa Andrea, na Praza da Vila, saldouse cun balance moi positivo tras rexistrar unha elevada participación, unha intensa programación cultural e unha destacada resposta do público. A iniciativa, impulsada polo Concello de Sarria en colaboración con distintos axentes culturais da vila, supuxo o regreso dunha cita chamada a consolidarse de novo dentro do calendario cultural da comarca.

No acto inaugural interveu Rocío López, quen puxo en valor o espírito colectivo do proxecto e sinalou que o obxectivo da feira era “que sexa unha renovada andaina, tomando as rendas onde o deixaron outros, asumindo a substitución neste proxecto revitalizado e aberto a todos”. Tamén asegurou sentirse honrada por abrir a feira, aínda que recoñeceu que o mérito compartido foi esencial para facela realidade. Na súa intervención, destacou expresamente o labor do concelleiro de Cultura, César No, e da responsable da Biblioteca Pública de Sarria, Miriam Alonso, aos que agradeceu o traballo desenvolvido para sacar adiante a proposta. “Deles é o mérito, eu lévome a satisfacción privada de ver un pequeno soño feito realidade”, afirmou. Rocío López subliñou que eran conscientes de que non partían de cero e recoñeceu experiencias que serviron de referencia, entre elas a Feira do Libro de Outeiro de Rei, na que tamén estiveron presentes representantes sarriás como ela mesma e Sonia Arias. Ademais, incidíu en que “o noso maior orgullo será saber que isto é de todos”.

Do mesmo xeito, tivo palabras de recoñecemento cara aos responsables públicos polo apoio prestado

á cultura. Recordou que anos atrás reclamara unha maior atención institucional a este ámbito ao considerar que foi fundamental durante a pandemia, acompañando á cidadanía en momentos de dor, incerteza e perda. Neste sentido, agradeceu a César Noa e Miriam Alonso que se pasase “das palabras e os desexos aos proxectos e das promesas aos feitos”.



Na súa intervención tamén puxo en valor o potencial creativo de Sarria ao afirmar que se trata dunha vila “cargada de talento, de novas promesas, de escritores e escritoras consagrados e de decenas de creadores dotados dunha imaxinación irresistible” que, ao seu xuízo, còmpre coidar, apoiar e visibilizar. Engadiu que todos eles achegan o mellor de si mesmos con xenerosidade, poñendo o seu traballo ao servizo do entretemento e da cultura.

Así mesmo, reivindicou que a feira servise como gran celebración para os autores presentes e expresou o desexo de que as historias nadas tras tantas horas de dedicación poidan continuar o seu camiño cara aos lectores, permitindo que os perso-

naxes creados permanezan vivos na memoria de quen os le.

A programación do sábado estivo marcada pola variedade de propostas. A xornada incluíu a actuación do profesor de percusión da Escola de Música José Luis García. Posteriormente celebrouse unha mesa de novos talentos coa participación de Naila González, Álvaro Rodríguez e Patricia Rivas. Despois, interviron Yo-



landa Álvarez, Ana Meilán, Lucía Vázquez e Inma Soto. Ao remate desta sesión, a Plataforma Diversa participou cun espazo dedicado ás lecturas inclusivas na literatura infantil e xuvenil, acompañado dun contacontos inclusivo titulado Pedro, o piloto de gaivotas, a cargo de Manuel Darriba, xunto co alumnado do IES Xograr Uxía López e Diego Laureda. A mañá concluíu co espectáculo infantil de Inma Soto 'Sinfonía de contos. Nós tamén queremos navegar'.

Pola súa parte, o domingo arrincou coa mesa 'O oficio de escribir: do borrador ao libro final', moderada por César Noa e coa participación de Manuel Pombo, Mirella López, Sonia Arias e Luis López Alonso. A continuación, desenvolveuse a mesa

'Voces e inspiración: poesía, novela, relato, teatro', moderada por Félix López, 'Arlindo', na que participaron María Casar, Manuel F. Rodríguez, Luis Celeiro e Rocío López. Como

peche da feira celebrouse a mesa 'Memoria e territorio, moderada por Rocío López', coa intervención de Manuel Darriba, Sonia Márpez, Pilar Macía e Javier Conde.

**FONTANERÍA Y GAS
VILAR VALCARCEL**

AEROTERMIA
SUELO RADIANTE
BIOMASA
INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

JOSÉ LUIS VILAR LOSADA

C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

Tapisa, s.l.

TU FÁBRICA DE SOFÁS A MEDIDA

¡RETAPIZAMOS TU VIEJO SOFÁ!

982 533 165
646 599 185
Crta. Comarcal 546, km 21 Sarria

COMARCA

A Deputación asume a xestión do mantemento das zonas verdes

A Deputación de Lugo aprobou o inicio do expediente para que o servizo de conservación e mantemento das zonas verdes de titularidade provincial pase a ser prestado directamente pola propia institución a partir do 1 de xaneiro de 2027.

A presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, e o vicepresidente provincial, Efrén Castro, foron os encargados de dar conta deste acordo, que cualificaron como “un paso relevante na organización dun servizo esencial para a provincia”.

Na actualidade, este servizo vense desenvolvendo a través dun encargo ao medio propio TRAGSA, un modelo que está en vigor desde o ano 2020 e que foi prorrogado ata o 31 de decembro de 2026. Este encargo abrangue o mantemento dun total de 1.052.888 metros cadrados de zonas verdes distribuídas por toda a provincia, incluíndo espazos naturais, áreas recreativas, contornas fluviais e zonas urbanas, o que dá idea da dimensión e importancia deste servizo tanto desde o punto de vista ambiental como social.

Co acordo adoptado, a Deputación aposta por avanzar cara a un modelo de xestión directa, que permitirá reforzar o control público, mellorar a eficiencia na prestación e achegar a toma de decisións á realidade do territorio.

Neste sentido, a presidenta explicou que “cando cheguei á Presidencia desta Deputación identificamos este como un dos asuntos prioritarios enriba da mesa, polo que durante estes meses estivemos



escoitando a todas as partes implicadas para coñecer ben a situación e avaliar cal era a mellor solución”. Así, destacou que “facemos esta aposta porque cremos nun modelo de xestión directa, máis próximo e máis eficiente, que ademais garante os dereitos dos traballadores e contribúe a mellorar o funcionamento da institución”. A decisión implica tamén a subrogación do persoal actualmente adscrito ao servizo, garantindo a continuidade laboral e o respecto íntegro dos seus dereitos. En concreto, trátase dun equipo de 16 traballadores e traballadoras de distintos perfís profesionais —entre eles xardineiros, oficiais ou oficial escultor— procedentes da extinta SUPUSA, que continuarán desenvolvendo exactamente as mesmas funcións que realizan na actualidade.

Desde o punto de vista económico, López detallou que a medida non suporá un incremento do gasto para as arcas provinciais. Pola con-

tra, segundo os informes técnicos elaborados, permitirá un aforro significativo. “O encargo actual a TRAGSA ten un custo anual de arredor de 950.000 euros, mentres que o custo estimado do persoal sitúase en aproximadamente 675.000 euros ao ano, sen incluír complementos, o que evidencia a capacidade de optimización de recursos mediante a xestión directa”, afirmou. Desde a institución provincial explicou que, durante todo este proceso, o servizo seguirá prestándose con total normalidade en todos os puntos da provincia e que o persoal continuará realizando o seu traballo nas mesmas condicións.

“Coa aprobación deste expediente, a Deputación de Lugo dá o primeiro paso dun proceso que culminará en 2027 coa implantación dun modelo de xestión máis directo, eficiente e xusto, orientado a mellorar tanto a calidade do servizo público como as condicións das persoas que o fan posible”, explicou.

Láncara, Paradela e Samos volverán contar co obradoiro de emprego



O alcalde de Láncara, Darío Antonio Piñeiro López, anunciou a consecución dun investimento de 454.552 euros destinado ao obradoiro dual de emprego Os Soutos 2, unha iniciativa que permitirá impulsar actuacións en Láncara, Samos e Paradela, ao tempo que ofrecerá formación e emprego á veciñanza.

O rexedor destacou que este financiamento é froito do traballo conxunto entre os tres concellos e a Xunta de Galicia, subliñando que se trata dun exemplo de colaboración institucional máis aló das diferenzas políticas. “Priorizamos o benestar dos nosos veciños e veciñas por riba de calquera sigla, traballando unidos para acadar recursos que melloren o noso territorio”, sinalou. O proxecto permitirá desenvolver actuacións de mellora en distintos puntos dos tres municipios. No caso de Láncara, unha das intervencións principais será a creación dun paseo sobre as antigas vías do tren na Pobra, unha actuación que, segundo explicou Piñeiro López, suporá “un

cambio estético e funcional importante para a capitalidade do municipio”. Pola súa banda, en Samos e Paradela acometeranse traballos de acondicionamento de espazos públicos e de posta en valor do patrimonio natural e cultural.

Ademais das melloras en infraestruturas, o obradoiro terá un importante impacto social, xa que ofrecerá nove meses de emprego e formación a persoas da contorna. O alcalde incidíu en que esta iniciativa non só supón un investimento material, senón tamén unha oportunidade para fixar poboación e xerar futuro no rural.

Piñeiro López cualificou este logro como un paso relevante dentro da súa liña de xestión, baseada na captación de recursos e na cooperación institucional, e asegurou que o goberno local continuará traballando para atraer novos investimentos que contribúan a mellorar a calidade de vida da veciñanza.



PIZZERIA PAPARAZZI
100% ITALIANI

¡¡OFERTAS ESPECIALES!!

-50% en la segunda pizza familiar

-25% en la segunda pizza mediana

Martes
Familar de Jamón a Basen
8€

Servicio a domicilio
Rúa Diego Pazos, 30 - Balao Sarria
Tfno.: 982 012 026

COMIDA PARA LLEVAR

cafe CUBAN bar

1º PREMIO XV CONCURSO DE TAPAS TAPICHEO'22

Matías López 100, SARRIA - cafeteriabar cubano@gmail.com
Tfno.: 982 886 580

A Xunta licitou obras de reforzo do firme en tres estradas do sur de Lugo



A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas publicou na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia a licitación das obras destinadas ao reforzo do firme nas estradas LU-633, LU-546 e LU-621, cun orzamento total de 3.629.680 euros.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, detallou que as actuacións abranguen seis tramos que suman 63,7 quilómetros e afectan a dez concellos da provincia, nos que residen máis de 45.500 persoas.

Os traballos consistirán na reposición da capa de rodadura mediante formigón bituminoso en quente, incluíndo fresados totais ou parciais da vía en función do estado do pavimento. As empresas interesadas poderán presentar as súas ofertas ata o 25 de maio, e o prazo de execución previsto é de seis meses.

A intervención de maior envergadura realizarase na LU-633 (Pedrafita–Alto do Hospital), que concentra o 60% do investimento, cunha contía de 2,2 millóns de euros. Nesta estrada mellorarase 48,5 quiló-

metros en tres tramos que atravesan os concellos de Pedrafita do Cebreiro, Triacastela, Sarria, Paradela e Portomarín.

Na LU-546, que conecta Nadela con Monforte de Lemos, destínanse 773.700 euros para actuar en 7,4 quilómetros, con intervencións tanto en Monforte como en municipios como O Corgo, Láncara e O Páramo. Pola súa parte, na LU-621 investiranse 655.300 euros para mellorar 7,7 quilómetros entre Láncara e Baralla.

Por concellos, Pedrafita do Cebreiro concentra case un terzo do investimento total, con 1.156.600 euros. Tamén destacan as partidas destinadas a Paradela, Baralla e Monforte de Lemos, todas elas superiores ao medio millón de euros. Segundo explicou Javier Arias, estas actuacións enmárcanse no compromiso da Xunta de manter a rede viaria autonómica en condicións óptimas de seguridade, conservación e comodidade, como parte da aposta polo desenvolvemento sostible, a conectividade e a seguridade viaria no territorio.

A Ruta do Románico permitirá descubrir xoias da nosa arte

A presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, e a deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, presentaron no Claustro da Catedral de Lugo unha nova edición das Rutas polo Románico, unha iniciativa que a institución provincial impulsa por sexto ano consecutivo coincidindo coa celebración do Día da Transrománica, que terá lugar o 9 de maio. O programa inclúe visitas guiadas gratuítas por diferentes puntos da provincia co obxectivo de divulgar e poñer en valor este importante patrimonio histórico e artístico.

Carmela López destacou que esta edición permitirá achegarse a un conxunto destacado de xoias do románico europeo presentes na provincia, incidindo en que Lugo conta cunha das maiores concentracións deste estilo artístico en Europa, especialmente en contornas rurais. A presidenta subliñou que igrexas, mosteiros e pequenas capelas forman parte esencial da paisaxe e da identidade das parroquias, e remarcou a importancia de seguir promovendo este legado como elemento cultural e tamén como motor de desenvolvemento sostible ligado ao turismo de calidade.

Pola súa banda, Pilar García Porto fixo fincapé en que estas rutas contribúen a reforzar o modelo de turismo sostible polo que aposta a Deputación, favorecendo a dinamización económica do territorio, especialmente no rural, ao tempo que se apoia ao sector turístico, hostaleiro e comercial. Ademais, salientou que estas actividades permiten que a veciñanza coñeza mellor o seu propio patrimonio e o valore como parte da súa identidade colectiva.

A programación desenvolverase ao longo de cinco xornadas, os días



8, 9, 10, 16 e 23 de maio, cun total de 16 rutas guiadas. A primeira terá lugar o venres 8 de maio ás 10:30 horas cun percorrido pola Catedral de Lugo e a cidade medieval.

O sábado 9 de maio concentrará varias propostas: ás 10:30 horas desenvolverase unha ruta polo románico nas Terras da Ulloa con visita a Antas de Ulla; ás 11:00 horas haberá un percorrido polos tesouros do románico rural en Lugo e Guntín; e xa pola tarde, ás 16:30 horas, ofreceranse dúas opcións simultáneas, unha nova ruta polas Terras da Ulloa, con paradas en Palas de Rei e Monterroso, e outra polo Saviñao, centrada no románico con vistas ao Miño.

O domingo 10 de maio continuará a programación con dúas visitas ás 11:00 horas, unha a Santa María de Meira e outra centrada no románico no Camiño de Santiago entre Portomarín e Paradela. Pola tarde, ás 16:30 horas, terá lugar unha nova ruta polo Camiño de Santiago en Sarria, e ás 17:00 horas desenvolverase unha visita ao románico urbano en Viveiro, centrada nunha vila medieval de gran relevancia histórica.

As actividades retomaranse o sába-

do 16 de maio con cinco propostas: ás 10:30 horas haberá dúas rutas, unha á Basílica de San Martiño de Mondoñedo e outra baixo o título Monforte na Historia; ás 11:00 horas comezará o percorrido polo románico de Chantada; e pola tarde, ás 16:30 horas, desenvolveranse dúas visitas máis, unha polo románico de Taboada e outra polo Xeparque Montañas do Courel.

Finalmente, o sábado 23 de maio pecharase o programa con dúas últimas rutas: ás 10:00 horas terá lugar a visita ao Panteón dentro da ruta do monacato feminino, e ás 16:30 horas desenvolverase o itinerario “Dez séculos de historia no concello de Sober: dos romanos ao románico”.

Cada ruta contará cun máximo de 20 prazas —agás a da cidade de Lugo, que disporá de 25—, sumando un total de 325 participantes. As visitas estarán guiadas por profesionais oficiais de turismo e requiren inscrición previa. Con esta iniciativa, a Deputación busca consolidar o románico como un dos grandes atractivos culturais da provincia e como unha ferramenta clave para o desenvolvemento equilibrado do territorio.

SONDEOS CORDERO
Especialistas en pozos de barrena

Más de 30 anos de experiencia traballando en la comarca de Sarria

- Distintos diámetros de perforación desde 125 mm hasta 200.
- Electrobombas solares y eléctricas.
- Hacemos pozos dependiendo de las necesidades de cada cliente.

¡PIDANOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO!

Tfno.: 629 070 720
Triacastela Lugo

LIMPIEZA DE:

- Comunidades de propietarios
- Post-obra de edificios y locales
- Pisos turísticos y albergues
- Garajes
- Comercios
- Cocinas de restaurantes
- Limpiezas en general

LIMPIEZAS ISABEL

674 467 444
641 171 951

PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

isabellimpiezas@gmail.com

A Xunta resolve as axudas para os grupos de Protección Civil

A Xunta resolveu a orde de axudas anual para colaborar cos gastos de funcionamento das Agrupacións de persoal voluntario de Protección Civil (AVPC), que na provincia de Lugo beneficia a 33 entidades.

As contías concedidas suman preto de 55.000 euros. Estes apoios van destinados ás agrupacións dos concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou asociacións de municipios inscritas no Rexistro de AVPC.

Na comarca de Sarria, as entidades beneficiarias son as AVPC de Triacastela e O Incio.

Gran auxe da Feira Degustación da Tenreira Galega de Láncara

A XXVII Feira Degustación da Tenreira Galega do Concello de Láncara resultou un auténtico éxito de participación, nunha cita declarada de Interese Turístico de Galicia que reuniu a numerosos asistentes nunha fin de semana chea de actividades para todos os públicos. O evento combinou tradición, gastronomía e cultura nun completo programa que arrincou coa XVII Festa dos Avós e culminou coa feira de exposición de gando vacún.

A programación deu comezo o 30 de abril coa XVII Festa dos Avós. Ás 12.30 horas tivo lugar a recepción por parte da corporación municipal na carpa instalada no Campo da Feira da Pobra de San Xiao. Ás 13.00 horas desenvolveuse unha actuación musical do Dúo Dilema, seguida ás 13.15 horas da intervención das autoridades. Ás 13.45 ho-



ras coa sesión vermú a cargo de Punto Clave, seguida ás 14.00 horas do xantar con carne de Tenreira Galega Suprema. Pola tarde, ás 16.30 horas, levouse a cabo unha exhibición de cetraría e, ás 17.30 horas, unha demostración ecuestre. Ás 18.30 horas procedeuse á entrega de premios do concurso

ga acadou un novo éxito de adxudicacións e cotizacións na poxa da Festa da Tenreira Galega. As tres xovencas presentadas por Acruga conseguiron un prezo medio de 3.600 euros, máis de 700 euros por enriba do importe de saída.

Con estes resultados, Acruga confirma o bo momento e a elevada demanda da Raza Rubia Galega. Segundo sinalou o presidente da entidade, César Dorado, non só hai que valorar a venda dos tres animais, senón tamén os prezos acadados, que continúan en ascenso e evidencian o interese existente no sector. Neste sentido, lembrou que na anterior poxa de tres xovencas celebrada hai uns días na Fonsagrada, o prezo medio situárase nos 3.200 euros.

As tres xovencas preñadas, procedentes do centro de recría da Granxa Gayoso Castro, dependente da Deputación de Lugo, foron adxudicadas por 3.300, 3.500 e 4.000 euros a explotacións gandeiras de Sarria, Sevilla e Láncara. A segunda delas foi adquirida por un criador sevillano, que xa comprara outro exemplar na poxa celebrada recentemente na Fonsagrada. As seguintes poxas organizadas por Acruga celebráranse o día 9 en Cervantes, o día 10 en Sarria e o día 16 de maio en Seoane do Courel.

de gando vacún e ao sorteo dunha becerra. Finalmente, ás 19.30 horas, Punto Clave puxo o punto final cunha nova actuación musical, pechando así unha edición marcada pola elevada afluencia e o bo ambiente vivido durante toda a feira.

POXA DE ACRUGA. A Asociación de Criadores de Raza Rubia Galega



ras celebrouse a comida na carpa, mentres que ás 16.30 horas o Dúo Dilema volveu subir ao escenario para pechar a xornada festiva.

O segundo día, 1 de maio, estivo centrado na XXVII Feira da Tenreira Galega. Ás 10.00 horas abriuse oficialmente a feira, coincidindo tamén cunha exhibición das escolas deportivas no pavillón municipal. Ás 12.00 horas tivo lugar a recepción das autoridades no recinto feiral, seguida ás 12.15 horas da apertura dos postos con degustación gratuita de queixos artesanais, sidra ecolóxica do país e empanada de tenreira galega.

Ás 12.30 horas celebrouse a poxa de varias xovencas, e ás 12.45 horas realizouse un percorrido polo recinto feiral e a visita ás instalacións do gando. Nese mesmo intre actuou o grupo de música tradicional Val de Láncara. Ás 13.15 horas desenvolveuse o pregón, a cargo de José M^a Álvarez Vilabrille.

A xornada continuou ás 13.30 ho-



Entra en servizo o tramo ferroviario da variante da Pobra de San Xiao

O Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, a través de Adif, puxo en explotación un novo tramo ferroviario de 1,6 quilómetros que completa os 9 quilómetros da variante da Pobra de San Xiao, integrada no corredor Ourense-Monforte de Lemos-Lugo. A actuación supuxo un investimento de 18,6 millóns de euros e prolonga polo lado leste os máis de 7 quilómetros da variante que permanecían en servizo desde 2018.

A nova infraestrutura discorre polos termos municipais de Láncara e Sarria e enmárcase dentro das obras de modernización do corredor Ourense-Monforte-Lugo, destinadas a facilitar a conexión da cidade de Lugo coa alta velocidade ferroviaria.

Os traballos desenvolvidos inclúen a construción da plataforma ferroviaria, preparada para vía dobre e tráfico mixto de viaxeiros e mercadorías, así como a conexión coa infraestrutura xa existente. Tamén se executaron instalacións de seguridade e comunicacións, implantáronse sistemas de electrificación e desmontouse o tramo que quedou fóra de uso.

Este novo treito conta ademais cun falso túnel de 300 metros de lonxitude, xunto con dous pasos inferiores e un superior, co obxectivo de mellorar a comunicación entre ambas marxes.

A variante da Pobra de San Xiao sitúase no tramo Monforte de Lemos-Lugo da liña León-A Coruña. A entrada en funcionamento dos

primeiros 7,2 quilómetros no ano 2018 permitiu eliminar 14 pasos a nivel do antigo trazado, reforzando a seguridade da liña e reducindo os tempos de viaxe.

O conxunto da variante dispón de dous túneles, As Cortes, de 520 metros, e Torrente, de 1,4 quilómetros, ademais de catro viadutos con lonxitudes comprendidas entre 145,5 e 630 metros. A infraestrutura complétase con catro pasos inferiores e un paso superior na intersección coa estrada LU-546.

Adif continúa así impulsando a renovación dos 117 quilómetros do corredor Ourense-Monforte de Lemos-Lugo, que enlaza desde Ourense co corredor de Alta Velocidade a Galicia.

Para este proceso mobilizouse un investimento próximo aos 626 millóns de euros, que inclúe, ademais da prolongación da variante da Pobra de San Xiao, a construción do novo túnel de Oural, en servizo desde setembro de 2025, unha nova estación en Lugo e a renovación e ampliación de varias estacións.

A execución da variante da Pobra de San Xiao e do novo túnel de Oural, xunto coas actuacións de renovación de vía e infraestruturas, adecuación de pontes e viadutos, ampliación de gálibos en túneles e pasos superiores, sistemas de sinalización e telecomunicacións e a mellora da accesibilidade na estación de Monforte de Lemos, conta con financiamento europeo a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

CLASES IMPARTIDAS POR UN:
Multimedallista nacional
Bicampeón de España absoluto
Bronce Europeo 2019
Campeón de Europa por equipos en 2021
Mundialista en 3 ocasiónes, 2018, 2022 y 2023

Escuela de **TAEKWONDO** SARRIA

MEJORA DE CONDICIÓN FÍSICA
AMISTAD TRABAJO EN EQUIPO DISCIPLINA
CONFIANZA AMBICIÓN HUMILDAD RESPETO

@AC_TAEKWONDO AC TAEKWONDO 664 765 985

O pavillón municipal albergará un novo espazo de ximnasio



O Concello de Paradela ampliará a súa oferta deportiva coa posta en marcha dun novo espazo de ximnasio no Pavillón Municipal, unha iniciativa coa que se pretende incrementar os servizos dispoñibles sen necesidade de construír novas instalacións, optimizando así os recursos existentes.

A alcaldesa, Montserrat Mulet Sar, anunciou este proxecto que permitirá destinar arredor do 30 % da superficie do pavillón á instalación de máquinas e á prestación do servizo deportivo. A medida enmárcase na estratexia municipal de fomentar un concello máis activo e dinámico.

Para facer posible a súa xestión, o Concello iniciou o correspondente procedemento administrativo, polo que a explotación do servizo será adjudicada mediante unha autorización de manial de uso privativo por un

ano, prorrogable ata un máximo de catro. A empresa ou persoa adjudicataria deberá aboar un canon mínimo de 1.080 euros anuais e o Concello reservase a posibilidade de revogar o permiso por razóns de interese público debidamente motivadas. O proxecto tamén contempla que o Concello adapte o acceso ao polideportivo mediante un sistema de tarxetas para os usuarios, asumindo ademais os gastos xerais de subministración de luz e auga.

Pola súa parte, quen resulte adjudicatario estará obrigado a contar cun seguro de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de 150.000 euros, manter o espazo en perfecto estado, instalar pola súa conta o equipamento deportivo e cumprir a normativa sanitaria e de seguridade vixente, ademais de asumir os custos derivados da súa actividade.

Estudan novas vías de promoción para os produtos agroalimentarios

A alcaldesa de Paradela, Montserrat Mulet, mantivo unha reunión co director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), Martín Alemparte, co obxectivo de analizar posibles liñas de colaboración orientadas á promoción dos produtos agroalimentarios con distintivos de calidade diferenciada.

Durante o encontro, ambas partes abordaron fórmulas para reforzar a visibilidade e posta en valor das producións vinculadas a selos de calidade, nun contexto no que o sector agroalimentario representa un dos principais motores económicos do medio rural. Na reunión tamén se tratou a celebración da Feira de Ano e da Festa de San Isidro, citas des-



tacadas no calendario festivo de Paradela que teñen lugar no mes de maio e que reúnen cada ano numeroso público.

Estes eventos inclúen actividades como mostras de gando e maquinaria agrícola, ademais

de degustacións de produtos amparados por certificacións de calidade diferenciada, entre eles a Denominación de Orixe Ribeira Sacra ou a Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega.

Paralela acollerá o vindeiro 24 de maio a súa primeira ruta cabalar

Paralela celebrará o vindeiro 24 de maio de 2026 a primeira edición da súa ruta cabalar, unha iniciativa que reunirá a afeccionados ao mundo ecuestre nunha xornada que combinará percorrido a cabalo e convivencia arredor da mesa.

A asociación Cabaleiros do Loio, que nace para desenvolver este evento no municipio, está integrada por persoas amantes dos cabalos co obxectivo de promover rutas e a intención de poder organizar unha feria do cabalo. O evento contará cun itinerario que parti-

rará ás 10:30 horas desde o mercado gandeiro do municipio. A actividade está aberta á participación de xinetes e amazonas que deberán formalizar a súa reserva antes do 22 de maio.

A programación inclúe tamén un xantar cun prezo fixado en 35 euros por persoa, mentres que os nenos de 0 a 6 anos poderán asistir de balde e os de 6 a 12 anos terán unha tarifa reducida de 17 euros. O menú estará composto por produtos como xamón cocido, polbo e churrasco.

Trala comida, celebrarase un pequeno sorteo entre as persoas asistentes, co obxectivo de fomentar o ambiente festivo da xornada. Desde a organización lembran que cada participante será responsable dos posibles danos ocasionados polo seu cabalo durante o desenvolvemento da actividade.

A iniciativa conta coa colaboración do Concello de Paradela e de distintas entidades locais e busca consolidarse como unha cita de referencia para os amantes das rutas a cabalo.

maderas grandas

MADERAS Y DERIVADOS

PUERTAS

ARMARIOS

COCINAS Y COMPLEMENTOS

TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)

Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731

www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

ATENCIÓN FAMILIAR

SOMOS ESPECIALISTAS EN CARNE FRESCA, CO CORTE AO GUSTO DO CLIENTE

DESCUBRE O NOSO EMBUTIDO DE A FONSAGRADA

HORARIOS DE LUNS A SÁBADO

Horario continuo de 9:00 a 21:00 h.

DOMINGOS E FESTIVOS

De 10:30 a 14:00 h.

RÚA DIEGO PAZOS 47, SARRIA

www.facendafarruquino.gal

Organizan unha viaxe a Salamanca os días 16 e 17 de maio

A Asociación de Mulleres Rurais de Paradela ten programada unha viaxe a Salamanca que terá lugar os días 16 e 17 de maio, nunha proposta pensada para gozar de dúas xornadas de carácter cultural e turístico nas que as participantes coñecerán os principais monumentos e as características máis destacadas da cidade.

A saída realizarase o día 16 de maio ás 5:30 horas desde o Mercado Gandeiro de Paradela. A excursión inclúe autobús, hospedaxe, comidas e seguro, garantindo así todas as comodidades para as persoas participantes ao longo da viaxe.

O Encoro de Vilasouto albergará unha competición de piragüismo

O Concello do Incio e a Federación Galega de Piragüismo formalizaron un convenio de colaboración para que o encoro de Vilasouto acolla o próximo 30 de maio unha nova competición autonómica.

A cita deportiva corresponde á Regata Galega de prebenxamíns, benxamíns e alevíns K1 1.500 m, incluída no calendario da Federación Galega de Piragüismo. O acordo foi asinado polo alcalde do Incio, Héctor Corujo, e polo presidente da Federación Galega de Piragüismo, José Alfredo Bea García.

Héctor Corujo destacou o potencial do encoro de Vilasouto para acoller este tipo de probas e para o desenvolvemento dos deportes náuticos, e subliñou a vontade do Concello de continuar promovendo iniciativas nesta liña. O alcalde engadiu que "iniciativas deste tipo supoñen unha oportunidade para dar a coñecer o Concello



e atraen tamén ás persoas que acompañan aos deportistas, contribuíndo a dinamizar a actividade local".

Esta nova competición dá continuidade ás probas organizadas o pasado verán no encoro, cando O Incio acolleu a Liga Galega Infantil con máis de 200 deportistas e a sexta proba da XIV Liga Provincial de Piragüismo. Estes eventos permiten com-

probar o potencial do encoro para a práctica de deportes náuticos, nun espazo que non estaba permitido padexar desde os anos noventa ata a súa recuperación en 2022, e reforzan a colaboración entre o Concello do Incio e a Federación Galega de Piragüismo para seguir impulsando a organización de probas deportivas no municipio.

O Festival Tremeterra celebrará a súa V edición os días 28 e 29 de agosto



Os organizadores do Festival Tremeterra confirmaron a celebración da súa quinta edición os vindeiros 28 e 29 de agosto en Eirexalba, no Incio. O evento volverá reunir a decenas de persoas afeccionadas á cultura do sound system, un movemento no que destacan os altavoces artesanais, amplificadores e tocadiscos empregados para reproducir música reggae e dub.

Ao longo de dúas xornadas, o festival ofrecerá unha programación que combinará actuacións musicais con obradoiros, debates abertos, espazos de convivencia, zona de comida e área de acampada. A proposta busca unir música e natureza nun ambiente saudable e natural no que poidan compartir experiencia amantes da música de todas as idades, incluídas familias que cada ano se achegan ata esta cita.

Deste xeito, O Incio converterase de novo durante eses días no centro do sound system, consolidando unha convocatoria que medra edi-

ción tras edición e que xa se ten convertido nun referente deste estilo musical en Galicia.

Na pasada edición, a programación musical do venres contou coas actuacións de Pirata Sound Sensistema, Bakin Black e Morgana xunto a Nina Girassois durante a tarde. Xa na noite subiron ao escenario 10.000 Lions, Black Beanie Dub, Ishan Sound con Rider Shafique e Dub Mono HiFi, encargado de pechar a sesión de madrugada. Pola súa banda, a xornada do sábado arrancou con Media Lúa Soundsystem e continuou con Ital Roots xunto a Long Fingah, Roll&Record con Alpha Pup e Ashanti Selah. Na franxa nocturna actuaron Lion's Den Soundsystem, High Nebra acompañado de Indra Mc, Piya Zawa e Tom Spirals, ademais de Dubbing Sun e Violinbwoy. O peche da cita correu a cargo de Lion's Den Soundsystem ata o amencer. A organización irá desvelando os detalles do cartel e das actividades previstas para esta nova edición.

Organizan un obradoiro gratuíto sobre benestar emocional no Incio o día 18

O vindeiro 18 de maio impartirase no municipio un obradoiro gratuíto centrado no benestar emocional, unha iniciativa orientada a promover a saúde mental, o autocoidado e a mellora da calidade de vida entre a veciñanza. A sesión terá lugar ás 17:00 horas no edificio multiúsos do municipio e leva por título "A arte do benestar emocional". A proposta busca ofrecer ferramentas prácticas para mellorar o equilibrio emocional, reforzar a autoestima e afrontar o día a día con maior serenidade e confianza. Ao longo do encontro abordaranse cuestións relacionadas coa xestión das emocións, a importancia de manter hábitos saudables e diferentes estratexias para reducir o estrés e favorecer unha actitude positiva ante as dificultades cotiás. O obxectivo é crear tamén un espazo participativo no que as persoas asistentes poidan compartir experiencias e reflexións.

Para participar é necesario realizar unha inscrición previa nas dependencias do Concello do Incio ou a través do te-

léfono 982 427 014. Desde a organización lembran que as prazas poderán ser limitadas, polo que recomentan formalizar a inscrición con antelación. Esta actividade está organizada co apoio de distintas entidades

colaboradoras, reforzando o compromiso local coa promoción da saúde, a prevención e o benestar integral da cidadanía mediante propostas formativas e de sensibilización abertas ao conxunto da poboación.

info@casasneiras.com
Tel.: 982 986 084 | 698 163 989

A TRADICIÓN DA CASA

EN SARRIA <ul style="list-style-type: none"> • Supermercado A Pontevelle • Supermercado Javi (Cruce da Estación) • Carnicerías Estación • Alimentación Plaza Galicia 	EN LÁNCARA <ul style="list-style-type: none"> • Casa Enríqueta
NA POBRA DE SAN XIAO <ul style="list-style-type: none"> • Comercial Luselro 	

CARPINTERÍA METÁLICA

- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS

CAMIÑO FRANCÉS

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo)
Tel.: 672 149 386 / 982 009 270
caminofrances.aluminios@gmail.com

Triacastela acolleu unha xornada técnica sobre o control da rata toupa



O municipio de Triacastela acolleu unha xornada técnica sobre o "Control da rata toupa na montaña de Lugo", organizada pola Consellería do Medio Rural.

A sesión desenvolveuse no CEIP CEIP Eduardo Cela Vila, onde a alcaldesa de Triacastela, Olga Iglesias, foi a encargada de recibir ás persoas participantes. No encontro tamén estivo presente o director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, José Balseiros.

A iniciativa enmárcase nas accións de divulgación e formación impulsadas pola Xunta para abordar a problemática da rata toupa na montaña lucense, co obxectivo de mellorar o coñecemento e as ferramentas de control desta especie.

INVESTIGACIÓN RATA TOUPA.

O estudo Late prenatal development of the olfactory and vomeronasal systems in a wild rodent: The fossorial water vole, elaborado por Sara Ruiz, investigadora de Triacastela, e publicado na revista científica internacional Tissue & Cell, considerada unha das publicacións máis destacadas a nivel mundial no eido da anatomía, profundiza no desenvolvemento

embrionario dos sistemas olfativo e vomeronasal da rata toupa, esencial para que o animal poida percibir sinais químicas como feromonas ou cairomonas.

Os resultados poñen de manifesto que esta especie presenta unha maduración prenatal adiantada destes sistemas, algo pouco frecuente e que noutros animais se correspondería con etapas máis adultas. Segundo explica a investigadora, este achado abre novas vías de estudo, xa que ata o momento apenas existían referencias científicas sobre a rata toupa en condicións naturais.

Ademais, subliña que o sistema vomeronasal pode ser clave para comprender o comportamento destes roedores e mesmo contribuir a desenvolver estratexias para controlar a súa reprodución. O comportamento desta praga provoca importantes perdas económicas entre gandeiros e agricultores da montaña.

No marco do proxecto tamén se levarán a cabo probas de campo en parcelas cedidas por gandeiros de Triacastela, co obxectivo de comprobar a aplicación práctica dos resultados. As primeiras impresións apuntan a resultados prometedores.

A investigación en Cova Eirós redefine a dieta de neandertais

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) pon en valor os resultados do traballo do investigador Hugo Bal García, que achega novos datos sobre as estratexias de subsistencia dos grupos de cazadores-recolectores que habitaron as Serras Orientais de Galicia durante o Paleolítico medio e superior. A investigación, centrada no emblemático xacemento de Cova Eirós, en Cancelo, permitiu realizar por primeira vez unha identificación a grande escala de restos animais cazados e aproveitados tanto por neandertais como por humanos anatómicamente modernos mediante a técnica ZooMS (Zooarchaeology by Mass Spectrometry). Este método baséase na identificación de secuencias peptídicas do coláxeno conservado nos ósos, o que permite asignar categorías taxonómicas mesmo en restos moi fragmentados que non poden ser identificados mediante anatomía comparada, ferramenta fundamental na zooarqueoloxía e na paleontoloxía. Publicado en acceso aberto na revista International Journal of Osteoarchaeology, o



estudo analiza 114 restos faunísticos non identificados previamente mediante métodos tradicionais, comparándoos co estudo morfolóxico de máis de 8.000 restos do xacemento.

Os resultados evidencian unha maior diversidade na dieta cárnica destes grupos prehistóricos da que se coñecía ata o momento. A investigación tamén sinala que a alta intensidade no procesado de herbívoros xerou un sesgo na identificación dos seus restos, o que explica a abundancia de fragmentos óseos indeterminados fronte a outros animais como os osos cavernarios. O traballo foi desenvolvido en

colaboración con investigadoras e investigadores de distintas institucións, entre elas o CE-NIEH, a Universidade de Vigo, o IPHES, a Universidade de León, a Universidade de Oviedo e a Universidade Rovira i Virgili, ademais de equipos da propia USC e o CISPAC.

Esta investigación forma parte do proxecto "Dinámicas poblacionais e tecnolóxicas durante el Pleistoceno final-Holoceno de las Sierras Orientais del Noroeste Ibérico", financiado polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades e fondos FEDER, e as escavacións en Cova Eirós contan co apoio da Xunta.

'Envellecer con enerxía' de Afalu Alzheimer impartirase o 28 de maio

A asociación Afalu Alzheimer impartirá en Triacastela a actividade "Envellecer con enerxía", unha proposta centrada na promoción do envellecemento activo, saudable e participativo entre a poboación. O encontro terá lugar o 28 de maio ás 17:00 horas no local social Fonte do Lunar e está dirixido a persoas interesadas en mellorar a súa

calidade de vida a través de hábitos e dinámicas que favorezan o benestar físico e emocional no proceso de envellecemento. Durante a sesión abordaranse cuestións relacionadas coa importancia da actividade física adaptada, a estimulación cognitiva, a alimentación equilibrada e o mantemento das relacións sociais como ferramentas cla-

ve para conservar a autonomía persoal e previr o deterioro.

A iniciativa tamén pretende ofrecer consellos prácticos para incorporar rutinas saudables no día a día, así como crear un espazo de participación no que as persoas asistentes poidan compartir experiencias, inquadanzas e coñecementos sobre esta etapa vital.

PINTOR

PINTURAS HOGAR

LATAS

tel.: 659 76 79 36

PINTURAS - BARNICES

PERSIANAS

PAPEL PINTADO

TARIMA FLOTANTE

659 767 936

HOGAR

CORTINAS - STORES

RIELES

ALFOMBRAS

EDREDONES

C/ Benigno Quiroga, 93-95, bj - 982 533 497

SARRIA (Lugo)

Rúa Da Liberdade, 126, 27600 Sarria

CERVECERÍA PUB

El mejor ambiente todos los días hasta las 3 de la mañana

TAPAS CASERAS

y elaboradas de 19:30 a 23:00 h

LA MEJOR SESIÓN VERMÚ

sábados y domingos desde las 13:00 h

Disponemos de servicio de retransmisión de fútbol con los mejores partidos de Liga y Champions así como del resto de eventos deportivos

samos

O municipio celebrou a Festa dos Maiores cunha gran participación

O Concello de Samos celebrou o pasado 2 de maio de 2026 a Festa dos Maiores 2026, unha cita que volveu converterse nun rotundo éxito de participación e ambiente, reunindo a numerosos veciños e veciñas nunha xornada dedicada a render homenaxe ás persoas de máis idade do municipio.

A celebración destacou pola elevada asistencia e polo excelente clima de convivencia vivido ao longo de toda a xornada, consolidándose unha vez máis como unha das citas sociais máis importantes do calendario local. As persoas maiores de 60 anos empadroadas no Concello de Samos puideron asistir coa súa correspondente tarxeta-invitación gratuíta.

Durante a xornada non faltaron os momentos de reencontro entre familiares, amizades e antigos coñecidos, nun ambiente marcado pola



alegría e a emoción. A música, a boa gastronomía e a participación activa dos asistentes axudaron a crear unha atmosfera festiva que foi moi valorada por todos os presentes.

Desde o Concello valorouse moi positivamente o desenvolvemento da

feira, marcada pola organización, a participación e o ambiente festivo. A administración local volveu impulsar esta xuntanza como un espazo de recoñecemento ás persoas maiores e de encontro interxeracional, logrando unha resposta moi destacada por parte da cidadanía.

O Goberno local pon en marcha un servizo para recoller plásticos agrícolas

O Concello de Samos anunciou a activación dun novo servizo destinado á recollida de plásticos agrícolas procedentes de silos, que comezará a funcionar a partir do 15 de maio de 2026. A iniciativa pretende dar resposta a unha demanda do sector primario e mellorar a xestión deste tipo de residuos no ámbito local.

O servizo está orientado a agricultores e gandeiros do municipio, aos

que se lles pide colaboración para o seu correcto desenvolvemento. En concreto, deberán depositar os plásticos nos puntos de recollida habilitados uns días antes da data establecida, co obxectivo de facilitar a súa retirada e optimizar a organización do dispositivo.

Desde o goberno local insisten na necesidade de cumprir as normas marcadas para garantir o bo funcionamento do sistema. Así, lem-

bran que só se admitirán plásticos de silos, quedando expresamente excluídos outros materiais como cordóns, mallas, tubos de film ou residuos de distinta natureza.

O Concello subliña que esta medida busca avanzar cara a unha xestión máis responsable dos residuos agrícolas, contribuíndo tanto á protección do medio ambiente como á mellora da limpeza e da imaxe do municipio.

o páramo

O Concello do Páramo celebrará o 10 de maio a XXIX Festa dos Avós



O Concello do Páramo celebrará o vindeiro 10 de maio de 2026 a XXIX Festa dos Avós do Concello, unha cita xa consolidada no calendario local e pensada especialmente para render homenaxe ás persoas maiores do municipio, recoñecendo o seu papel fundamental na vida social e familiar da localidade.

A xornada dará comezo ás 13:00 horas cunha misa no Campo da Feira, un dos actos centrais desta celebración. Unha vez rematada a cerimonia relixiosa, os asistentes desprazaranse ata o polideportivo municipal, onde terá lugar un xantar de confraternidade no que se fomentará a convivencia, o reencontro entre veciños e unha xornada festiva marcada polo ambiente familiar.

A convocatoria está aberta a todas as persoas maiores de 65 anos empadroadas no concello, así como aos seus cónxuxes e ás persoas xubiladas. Desde a ad-

ministración local destacan que se trata dunha iniciativa destinada a promover o benestar das persoas maiores e ofrecerlles un espazo de encontro e lecer.

No caso de quen non estea empadroado no municipio ou non cumpra co requisito de ser cónxuxe ou pensionista, deberá aboar un importe de 39 euros para poder participar no xantar. Co obxectivo de facilitar a organización do evento e prever o número de asistentes, o Concello lembra a necesidade de comunicar previamente a asistencia.

Desde o Concello do Páramo animan á veciñanza a participar nesta celebración, que ano tras ano reúne a numerosos asistentes e se converte nunha xornada de recoñecemento ás xeracións que contribuíron ao desenvolvemento do municipio. Para obter máis información, as persoas interesadas poden contactar co consistorio no teléfono 982 539156.

INVISTE EN PARADELA

FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.

200 ANOS



DEPUTACIÓN

“Non teño medo das mocións, estou centrada en traballar e fágoo cun equipo cohesionado”

Carmela López Moreno é a alcaldesa de Burela e a nova presidenta da Deputación de Lugo desde o pasado mes de xaneiro

Podería facernos un pequeno balance deste tempo na Presidencia?

O balance é positivo porque considero que me trouxo moito aprendizaxe, moitísima escoita e amplitude no meu coñecemento. Ao mesmo tempo, tamén estou traballando moitísimo e con bastante intensidade porque, ao ser un mandato que está a piques de finalizar, débese planificar dunha maneira diferente a, por exemplo, outro no que tes por diante catro anos. Eu xa formaba parte do goberno como deputada, pero sempre digo que, antes de alcaldesa tamén era concelleira e as cousas cambiaron para min nese momento. Agora é evidente que tamén cambiaron. Entón, en resumo, moito aprendizaxe, moita escoita, moito viaxe polo territorio e con moitísimas ganas de traballar.

Agora que xa leva uns meses, supoño que terá unha perspectiva de proxectos seus propios que rematará antes do fin da lexislatura.

O que fixen desde que cheguei é reunirme con alcaldes e alcaldesas e visitar os 67 concellos que, aínda que evidentemente non aínda fisicamente, si a través de entidades e de poñer enriba da mesa cales son as necesidades, cales habería que rematar, en cales se necesita avanzar, etc. Temos, por exemplo, residencias nas que é preciso seguir avanzando con todo o ímpeto posible porque o necesitan os nosos veciños. Así mesmo, en canto a cambios positivos, temos unha nova aplicación que tiña xa na miña área, en Economía e Facenda, que cambia a forma de traballar en canto a impostos para todos os veciños e veciñas da provincia. É algo que comecei como deputada e que vou poder finalizar como presidenta. Temos tamén eses proxectos que recollo da anterior xestión. Sempre

digo que me vai tocar poñer o lazo dese centro de innovación territorial que tamén vai axudar a traer fondos europeos para toda a provincia. Está pendente tamén a granxa ou o parque nacional. Hai moitísimo traballo feito durante os anos anteriores que oxalá me toque rematar. Sobre todo, estou facendo moitísimo ímpeto na cooperación cos concellos. Como alcaldesa, teño esa visión das necesidades que temos e, ao ser esta casa o Concello dos concellos, necesito poder axudarlles a todos, aos 67.

Xorde a pregunta de que necesitamos.

Pois que a Deputación nos cubra moitas das necesidades que temos e que non somos capaces de resolver porque a nivel técnico somos unidades pequenas que necesitan deste paraugas. Eu sempre digo que me encantaría que se puxeran en valor as deputacións porque moitas veces o que se escoita é que este organismo non é útil e está só para que os catro políticos de quenda vivan dela. E non é real, os 67 concellos, grazas a esta casa, poden por exemplo rematar proxectos ou poden sacar pregos para diferentes contratacións e obras. Temos ese Plan Deputación co que xa nós, os alcaldes e alcaldesas, podemos prever que proxectos queremos facer para os seguintes anos. É dicir, sabemos que temos amparo económico, que temos amparo a través desa cooperación cos concellos, de técnicos que necesitamos para poder sacar o día a día dos nosos concellos, e despois tamén temos a Deputación como paraugas para que os sectores produtivos da nosa provincia poidan avanzar en proxectos clave que ao final benefician a todo o territorio. Entón, a que me estou dedicando?, a entrelazar todas as peti-



cións que recibo, visitar sobre todo aquilo que me parece importante e que pode proxectar Lugo. Aparte de utilizar a miña voz cara a un único obxectivo: que necesita Lugo.

E que é exactamente o que máis precisa?

Pois é evidente. Estamos moi mal comunicados, ninguén quere vir traballar aquí, e xa non só tendo en conta o punto de vista dos salarios, senón porque a comunicación é horrorosa. Eu tardo en vir a Lugo unha hora e dez aproximadamente, iso non debería ser, é inxusto, entón, que estou aproveitando?, pois, agora que a

miña voz vale un pouco máis, teño que elevar a dos meus 66 compañeiros, porque ao final é moi gratificante sentarme con todos e con todas e ver que dá igual da cor que sexamos, todos temos unha liña común, case sempre os mesmos problemas ou preocupacións e a miña ilusión sería que, unindo forzas desde esta casa, poidamos entendernos para tres ou catro liñas estratéxicas, mellorar como provincia, e loitar para que sexa así.

Dentro dos proxectos e como peza fundamental dos últimos anos, vai-se manter o investimento en estra-

das?

Si, de feito, teño un mapa de estradas das peticións que tiven de todos os alcaldes e alcaldesas. No meu caso, traballo moito con eles e tiven que coller un mapa mudo para volver estudarme o sur da provincia, porque había algún concello que me bailaba. Non me dá vergoña admitilo, gustárame poñerlle un mapa mudo a moita xente da nosa provincia para ver se é capaz de sinalos todos (risas). Estamos levando á Xunta de Goberno local estradas todos os venres porque é certo que temos unha rede moi ampla, e ademais tocounos un inverno moi difícil, porque se viñeron abaixo moitísimas estradas, tivemos moitísimos incidentes, e é algo que me preocupa porque poden provocar accidentes. Incluso, imos investir, en algo que para min tamén é esencial, o parque móbil, temos que movelo nas estradas provinciais, e no remanente levamos tamén unha partida, que son 200.000 euros, para facer outro equipo máis de traballo. Para min, as estradas son fundamentais, non podo estar por un lado pedindo melloras das comunicacións na provincia, pero ter mal as estradas provinciais.

Tamén estivo falando co presidente da Xunta, a quen lle levou un decálogo de necesidades. Está habendo xa algunha repercusión desde a reunión ou non hai novidades?

Ao final, nesa reunión o que queríamos era arrancar grupos de traballo. Estivemos co anteproxecto de lei, no que si que arrancam varios compromisos de que van ter en conta, e xa tiveron en conta varias das nosas alegacións como Deputación. No que máis insistimos era en determinar que competencias temos as deputacións e, sobre todo, se temos que facer máis traballo como imos financiar, porque eu sempre digo, a manta, ou tapa os pés ou tapa a cabeza. Agora temos a gran oportunidade de modificar esa lei que é vital, e nós agradecidos de que se modifique, pero traballemos en conxunto para conseguir ter un resultado o mellor posible. Seguramente isto é como cando amoblas unha casa, que cando acabas volverías a empezar para cambiar todo, pero imos intentar axustala á realidade do que somos capaces de facer para que ao final repercuta positivamente para todas as administracións e finalmente nas persoas.

Peluquería Isolina
Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela 617 403 579

LOMA SARRIA s.l.
Rúa do Peregrino 37, Bajo - Sarria (Lugo)
615 40 23 93 - 653 990 040
info@lomasarria.com

Proyectos que transforman Sarria



Nestes momentos, as reunións cos concellos están sendo fundamentais, como está sendo este primeiro paso? porque aquí estamos falando de concellos de diferente cor, entón non é doado unificar criterios.

Están sendo moi produtivas. Nestas reunións teño unha carpeta e unha ficha por cada concello, que xa pedín previamente, cos antecedentes de que pasou con este con-

“Estes meses trouxéronme moita aprendizaxe, moita escoita, moito viaxe polo territorio e moitas ganas de traballar”

cello, que axudas recibiron, que arranxos de estradas houbo, se estivo o parque móbil ou non, que peticións houbo enriba da mesa, en cooperación en que lles estamos axudando. É dicir, analizar a situación global na que se atopa. Sempre empezo polas estradas e o primeiro que quero saber é en que situación se atopan, en cales temos que operar inmediatamente, por onde pasa máis xente e cales se consideran vitais para o ben do concello. Despois pasamos ao Plan Deputación, a falar de que se fixo ata agora ou que van facer e por que están apostando, para así poder facerme un resumo e ademais coñecer mellor o territorio, porque si que é verdade que dependendo do concello se inviste máis en estradas, como é o caso da montaña. En territorio máis urbano, apóstase por outro tipo de investimentos. Está sendo moi enriquecedor e a min permíteme obter esa información que necesito para desenvolver un proxecto e poder planificar os recursos que temos e saber cara onde os debemos dirixir para conseguir ese

equilibrio territorial baseado nunha igualdade de oportunidades.

Entrando na situación actual da política, parece que o PP ten atada unha moción de censura no Concello de Lugo. Quería saber que lle parece a vostede.

Paréceme lamentable que o Partido Popular se aproveite dun goberno que é evidente que o tivo moi complicado. Desde aquí quero poñer en valor o traballo de Miguel, compañeiro nesta casa, porque creo que todos sabemos que a situación de dificultade é evidente. Polo tanto, ante tales circunstancias, creo que a responsabilidade da oposición é garantir, a un ano das eleccións, que haxa estabilidade e que na túa cidade se poida traballar con tranquilidade, facendo oposición, por suposto. No meu caso, como concelleira que formou parte dun goberno, téño moi claro, se non estou contenta pola mesma porta que entrei, saio. Iso é o que eu creo que hai que facer se es unha persoa que ten un mínimo de sentido común e de criterio. Nunca na política podes pensar só en ti.

A unión dunha tráfuga e tres falecementos parécelle especialmente delicado como para que o PP marcasse a dirección dunha liña vermella contra esta moción?

Paréceme delicado todo o que foi sucedendo ao longo do mandato.

Non quería entrar exactamente en que, porque evidentemente foi moi daniño e doloroso, pero eu resúmo así, todos e todas sabemos que foi moi difícil este mandato e creo que a maneira na que actuaron non podería describirla dunha forma educada.

Quería destacar que hai máis movementos similares noutros lugares como o acordo do PP con Camiña Sarria ou o que está pasando tamén en Vilalba. Que lle parece isto, e sobre todo nesta recta final do ano que queda de cara ás municipais?

Paréceme que, a pesar de ser unha fórmula legal, non é a máis axeitada para chegar ao poder.

Ten medo de que esas prácticas leven ao PP a San Marcos?

Medo ningún. A verdade é que non.

Pensa que o labor que está facendo pode remontar a crise a raíz do episodio de Tomé?

Eu non teño medo, sinceramente. Estou centrada en traballar e teño a sorte de que traballo cun equipo cohesionado. A verdade é que eu me afasto do ruído e céntrame tanto en ter un proxecto, unha estratexia de traballo a seguir clara que non teño medo, dígo de verdade. Aquí evidentemente xogas sempre partido a partido, pero non o teño na miña cabeza.

Tamén se dá a situación, falabamos antes do caso de María

Reigosa, agora non adscrita. O expresidente da deputación está tamén na condición de non adscrito, e tras a súa renuncia, o seu voto tamén é decisivo. Cre que se pode chegar a vivir unha situación paralela á que vivimos no Concello?

Non o plantexo, é máis, descártoo totalmente.

Como é a súa relación actualmente con Tomé?

A miña relación con Tomé é cordial. Hai que ter en conta que é expresidente, excompañeiro, é deputado desta casa e ademais, alcalde de Monforte, polo que a miña relación con el é cordial, como con todos os deputados e deputadas desta casa. E insisto, como estou tan centrada en que a provincia non pare de traballar, en sacar os proxectos para adiante, nunca supuxo para min un problema a nivel de traballo.

E a relación cos deputados cos que tivo problema aí atrás mellorou?

Si, a miña relación nunca foi mala con ningún dos compañeiros e compañeiras deputadas. Eu tiña claro que, se lideraba, lideraba un equipo.

Funciona cohesionado agora mesmo entón?

Si, non entendo outra forma de traballar. Deixeiño claro desde o principio, ademais.

E esas diferenzas que se trasladaron tamén ás primarias na provincia, vense patentes ou están as augas calmadas?

Agora mesmo estamos traballando, e estamos traballando como equipo porque é así como se debe facer. Eu non o entendo doutra forma.

O seu predecesor tamén dirixía o partido na provincia, é bastante común que as presidencias das deputacións sexan quen tiren polo partido na provincia. Gustaríalle dar o paso para ser secretaria xeral.

Agora mesmo estamos en mans dunha xestora e eu débome a esa xestora. Ao final a decisión dependerá do que os meus compañeiros consideren mellor para todos. Son de xogar partido a partido e agora mesmo estou centrada na presidencia da Deputación, ademais da miña Alcaldía

que para min é fundamental. Se se dá o caso, se pasamos a ese partido, eu tería que valoralo e estudalo.

E como é a súa relación actual coa dirección do PSdeG?

Ben, sa, sempre foi e continúa sendo así. Son crítica, pero son das que di as cousas dentro da casa.

Como valora o liderado de Besteiro?

Para min é un bo líder. O seu traballo está patente xa non só a nivel provincial, senón a nivel galego e mesmo estatal. Ser líder hoxe en día ademais é moi difícil e máis dentro da política actual porque agora mesmo está moi ensuciada. No meu caso, eu son moi leal fóra da casa, pero moi crítica dentro dela e é evidente que todos podemos mellorar, pero a sabendas de que é moi difícil ser líder hoxe en día.

E cre que cando se reúnen os órganos do partido para falar hai suficiente intercambio orgánico?

Agora que estou percorrendo a provincia e falando con todos os compañeiros e compañeiras que, a pesar de que xa os coñecía, agora teño a posibilidade de escoitalos moito máis, creo que temos uns activos moi potentes. Temos que autocriticarnos, dicir que isto

“Si, eu quero ser candidata á Alcaldía de Burela, aínda teño moitísimo traballo por facer”

saíu mal, preguntarnos por que saíu mal e como podemos saír adiante. E estou totalmente convencida de que o podemos facer. **Referiuse en varias ocasións a Burela, ao concello que goberna. Queda pouco menos dun ano para as próximas eleccións municipais e a pregunta é clara, vai ser candidata?**

Si, eu quero ser candidata. Aínda teño moitísimo traballo que facer en Burela e se os meus compañeiros o consideran, eu son súper feliz sendo alcaldesa de Burela.

STIHL

MÁXIMA CARGA ESTA PRIMAVERA
PARA LOS MÁS ERIGENTES

GRATIS BATERÍA ADICIONAL
EN MODELOS SELECIONADOS

¡MÓVETE HASTA 489€

¡SEGURO EN TU TERRAZA ESPECIALISTA STIHL!

Ferretería Sarria

Pedro Saco 33, Sarria.
Telf. 982 532 202

V.A.

Vazquez Autos

pelayo
Agente Exclusivo

Rúa Matias López, 126
27600 - SARRIA (Lugo)
Tel. / Fax: 982 530 707
Móvil: 669 199 533
vazquezautos@hotmail.com

LETRAS GALEGAS 2026

Begoña Caamaño

A RAG escolleu a Begoña Caamaño no pleno ordinario no que tamén se valoraron as candidaturas de Antón Tovar, Miguel González Garcés e Enrique Labarta Pose

A Real Academia Galega dedicarálle o Día das Letras Galegas 2026 a Begoña Caamaño (Vigo, 14 de outubro de 1964 – Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2014). Así o decidiu a institución no pleno ordinario no pazo municipal de María Pita (A Coruña), unha sesión na que tamén se valoraron as candidaturas de Antón Tovar, Miguel González Garcés e Enrique Labarta Pose. A RAG celebrará a narradora, autora serodia de dúas novelas nas que reescribiu os mitos da Odisea e o artúrico, e mais a xornalista, nun momento en que urxe reconstruír o espazo dun xornalismo para a cidadanía, comprometido coa verdade e co uso do galego. Coa lembranza de Begoña Caamaño, as Letras 2026 serán unha festa asomada á contemporaneidade, á pulsión do presente e á ollada feminista que vertebrou o seu pensamento, o seu traballo intelectual e a súa biografía.

A proposta de Begoña Caamaño foi presentada polas académicas Ana Romani, Marilar Aleixandre, María López Sández, Margarita Ledo Andión, Chus Pato e Francisco Fernández Rei. De acordo cos estatutos da RAG, discutiuse canda as outras tres formalizadas na primeira xuntanza ordinaria do pleno da institución tras a sesión extraordinaria do Día das Letras

Galegas, que tivo as cantareiras e a poesía popular oral como protagonistas. A que se homenaxea no 2026 é de novo unha voz feminina, desta volta a dunha autora en singular pero que escolleu proxectarse no colectivo da palabra literaria e da voz xornalística.

“Literatura e xornalismo son na autora instrumentos para o coñecemento, outra forma de reflexión e acción, desde o rigor do saber, o estimulante exercicio da razón e a complicidade da maxia e dos soños”, reza o texto da candidatura aprobada. “A figura de Begoña Caamaño dialoga hoxe cunha parte moi activa da profesión xornalística e literaria, traslada outra experiencia de ambas as dúas. Cómplice desecido de voces que é a literatura, coma colchas tecidas con retallos, voz coral na que se recoñece, entrégase á narrativa sen desoir a interrogación da xornalista e a esixencia da lectora”, prosegue. A de Caamaño é así unha obra para a ética, para o movemento, para o pensamento crítico, para un país e un idioma que cultivou con precisión e esmero, conclúen as propoñentes, que subliñan a imposibilidade de delimitar seccións na súa traxectoria. “A constante implicación con causas sociais, culturais e políticas



perfilan unha biografía movida por unha magnética paixón vital de lúcida intelixencia e xenerosa determinación. Atenta lectora da realidade social, audaz nas súas formulacións, vibrante no debate, Begoña Caamaño, viaxeira curiosa á procura do encontro co outro, do recoñecemento da diferenza, implícase na defensa dos

No arquivo da autora consérvase documentación para os proxectos literarios que tiña en mente no momento do seu pasamento

dereitos humanos, o pacifismo, a solidariedade, a dignidade, a liberdade, con sólidas conviccións mobilízase na crítica da inxustiza social, as opresións, o poder o os seus abusos, as desigualdades e os privilexios”, abundan.

A NARRADORA

Begoña Caamaño debutou na madurez como narradora, aos 45 anos de idade, con *Circe ou o pracer do azul* (2009). A este título seguiu *Morgana en Esmelle* (2012), cuxa publicación cadrou co diagnóstico do cancro que acabou dous anos despois coa súa vida, cando acababa de facer os 50 anos. A súa segunda e derradeira novela foi recoñecida co Premio Ánxel Casal ao mellor libro de ficción 2012 da Asociación Galega de Editores, o Premio

da AELG á mellor obra de narrativa 2012, o Premio da Crítica de narrativa galega da Asociación Española de Críticos Literarios 2012 e o Premio Losada Diéguez de creación literaria 2013. No arquivo da autora consérvase documentación para os proxectos literarios que tiña en mente no momento do seu pasamento, entre eles unha novela arredor da figura de Sherezade e mais a recreación da vida da súa bisavoa. En *Circe ou o pracer do azul*, Caamaño inicia o camiño da reescritura de mitos desde a perspectiva feminista, e faíno traendo das marxas ao centro dous personaxes da Odisea, Penélope e Circe, a dona e a amante de Ulises. No ronsel da Penélope de Xohana Torres (1929-2017), agora as protagonistas subverten os roles que a tradición lles atribuíra e tecen unha relación de complicidade. Con *Morgana en Esmelle*, Begoña Caamaño propón unha reflexión contemporánea sobre o poder e a ética e completa unha novela contra a impunidade partindo doutro mito, a materia de Bretaña, e tomando prestados a voz narrativa e outros elementos de Merlín e familia de Álvaro Cunqueiro. “Quixen formular un debate contemporáneo, sobre que modelo de sociedade queremos”, explicou a autora sobre esta obra.

A XORNALISTA

Canda a creadora, as Letras Galegas 2026 tamén celebrarán a Begoña Caamaño xornalista, nun momento en que urxe reivindicar o xornalismo como profesión crí-

tica e comprometida coa verdade, o rigor e a calidade, apoiar a independencia e o profesionalismo dos medios de comunicación públicos, e mais promover o uso do galego en todo tipo de medios. A protagonista do vindeiro 17 de maio representa todos estes valores, que cultivou ao longo dunha traxectoria profesional que arrincou no seu Vigo natal.

O barrio do Calvario foi o territorio emocional da infancia e da formación na mocidade. Tras estudar o bacharelato no actual IES Alexandre Bóveda (Coia II) e titularse en Maxisterio, en 1986 comezou a exercer como xornalista nos servizos informativos da emisora viguesa Radio Noroeste e tamén traballou, na mesma cidade, en Radio Popular, antes de se incorporar en 1989 á Radio Galega. Na emisora pública formou parte dos servizos informativos ata a súa incorporación ao Diario Cultural, e tamén presentou e dirixiu os programas *Andando a terra*, *Club Cultura* e *Expreso de Medianoite*.

Alén da radio, traballou para a Axencia Galega de Noticias e asinou colaboracións en *El Sol*, *A Nosa Terra*, *Tempos novos* e *Novas da Galiza*. Ante o micro ou sobre o papel, Caamaño cultivou sempre a precisión dos datos e da escrita, a consciencia da responsabilidade social do xornalismo, convencida da súa función de servizo público, tanto nos medios públicos coma nos privados. Foi ademais presidenta do Comité Interempresas da CRTVG e unha das impulsoras da Asociación de Mulleres Galegas na Comunicación.

MESÓN ATENEO

PARRILLA - COCHIDOS POR ENCARGA - MENÚ DEL DÍA




RESTAURANTE

Ctra. General - Oural
(Sarría)

Tel.: 982 546 767
982 546 768

COLABORACIÓN

O San Jie Gun “Pau de Tres Seccións”

UNHA PERSPECTIVA HISTÓRICA NAS BIAOJU



José Manuel Nunes

Séculos antes de que as disciplinas marciais transmutasen en modalidades deportivas orientadas á competición, ao espectáculo e á comercialización lúdica, xestáronse nos ámbitos militar, civil e monástico diversos métodos de combate que respondían a unha imperativa necesidade vital: a supervivencia.

Malia que os valiosos contidos funcionais daquelas épocas vanse difuminando e esquecendo —ao resultar alleos ás demandas do contexto deportivo contemporáneo—, quen profesamos devoción polas raíces do Kung Fu tradicional e funcional procuramos preservar este legado.

Neste sentido, achamos unha fértil fonte documental no eido das Biaoju, aquelas axencias de escolta que, na esfera civil, exercían a protección privada de mercadorías e persoas nunha era na que o desprazamento polo territorio entrañaba un perigo constante.

A análise das institucións de seguridade privada na China imperial require unha comprensión profunda da interacción entre a tecnoloxía armamentística e a necesidade comercial. No epicentro desta relación atópase o San Jie Gun “Pau de Tres Seccións”, un instrumento que, segundo a historiografía chinesa, definiu a excelencia operativa das Biaoju durante os períodos de maior inestabilidade das dinastías Ming (1368-1644) e Qing (1644-1912).

Este artigo explora como esta ferramenta evolucionou nun estándar de facto para os escoltas profesionais, baseándose exclusivamente na información validada por múltiples rexistros históricos chineses.

Orixe Dinástica e Evolución Estratéxica

Aínda que o folclore marcial atribúe a orixe conceptual do pau articulado a figuras da dinastía Song (960-1279), as fontes documentais máis rigorosas e manuais militares coinciden en que a súa sofisticación técnica e o seu uso sistemático no ámbito civil acadaran a madurez duran-

te a dinastía Ming (1368-1644). O San Jie Gun “Pau de Tres Seccións” non naceu como unha ferramenta militar ordinaria, senón como unha solución de enxeñaría marcial para duelos e defensa de espazos amplos e espazos reducidos. As Biaoju, que comezaron a súa expansión económica precisamente nese período, buscaban ferramentas que permitisen aos seus homes enfrontarse a grupos de bandidos (tufei) que utilizaban tácticas de guerrilla. Os rexistros das axencias de Shanxi coinciden en sinalar que o Pau de Tres Sec-



cións era ideal para estas circunstancias. A súa estrutura de tres bastóns unidos por corda, cadeas ou aneis metálicos conferíalle unha inercia mecánica que ningún pau rixido podía replicar. Esta característica describe a ferramenta como un elemento capaz de absorber e desviar a forza do impacto, protexendo as mans do usuario mentres transfírense unha potencia devastadora ao

subliñan que os Biaoshi (mestres escoltas) valoraban especialmente a capacidade da arma para “superar o bloqueo”. No contexto de asaltos a caravanas, os bandidos adoitaban empregar escudos de madeira ou proteccións improvisadas para deter o avance dos escoltas. O San Jie Gun, grazas ás súas articulacións, permitía que o segmento distal “envolvese” o bordo do

para o propio escolta. Polo tanto, portar un San Jie Gun nunha caravana non era só un acto de defensa, senón unha mensaxe visual de disuasión. Indicaba que a axencia contaba con mestres de altamente capacitados no combate real e no uso de ferramentas como esta.

Os rexistros das Trinta e seis Axencias de Beijing, mencionan que os exames internos para os escoltas de rango superior incluían probas de precisión con armas articuladas. Non se trataba simplemente de golpear, senón de demostrar o control sobre as traxectorias circulares e os cambios de dirección instantáneos. Esta mestría garantía facía con que cada Biaoju destacara entre a competencia, repercutindo en maior número de clientes e disuadindo aos bandidos de atacar a unha outra Biaoju, identificadas cos seus respectivos estandartes.

A efectividade do Pau de Tres Seccións mantívose vixente até que as condicións tecnolóxicas da China cambiaron drasticamente. Durante a fase final da dinastía Qing (1644-1912), a introdución masiva de armas de fogo occidentais e a construción do ferrocarril alteraron o paradigma da seguridade. As crónicas da época reflicten unha transición melancólica: os mestres escoltas, expertos nunha ferramenta que esixía décadas de práctica, víanse impotentes ante a velocidade e a distancia dos rifles de repetición. Estes coñecementos reais e funcionais foran desaparecendo converxendo en deporte. Apenas as escolas tradicionais menos sometidas aos estándares das institucións e autoridades deportivas, continúan preservando estes coñecementos cuxo futuro é incerto nunha sociedade na que rara vez hai tempo para dedicar, cando menos, un tempo diario para o acondicionamento físico e a saúde, continuado do estudo e práctica do Kung Fu.

A Vantaxe Técnica no Transporte de Mercadorías

Un dos puntos de maior consenso entre os manuais de artes marciais de Hebei e as crónicas de transporte comercial é a polivalencia do San Jie Gun en espazos tanto confinados como abertos. A diferenza da lanza ou do grande sabre, que requiren un radio de movemento constante e despexado, o Pau de Tres Seccións podía operar en tres rangos de distancia: longo (estendido), medio (usando dous segmentos) e curto (dobrado como un mazo). As fontes documentais chinesas

escudo para golpear ao agresor por detrás. Esta información aparece de forma recorrente tanto en tratados técnicos como en antigos escritos de escoltas veteranos, validando o seu pragmatismo como unha ferramenta fácil de fabricar, barata e fácil de transportar.

Simbolismo, Mestría e Disuasión

A relación entre as Biaoju e o San Jie Gun tamén tiña unha dimensión reputacional. O manexo desta arma era relativamente complexo e perigoso; un erro de cálculo na coordinación podía resultar en lesións graves

DEPORTES

O Meigallos FS ascende a Terceira División



O Meigallos FS escribiu unha nova páxina dourada na súa historia ao conseguir o ascenso á Terceira División de fútbol sala, un fito de enorme relevancia tanto para a entidade deportiva como para o conxunto de Sarria. O equipo culmina así unha campaña marcada polo esforzo, a constancia e a ambición.

Este éxito chega tras meses de traballo intenso e reflicte o compromiso de xogadores, corpo técnico e directiva, que lograron levar o nome de Sarria con orgullo por toda a competición. O ascenso supón ademais un impulso para o deporte local e un recoñecemento ao crecemento do club nos últimos anos.

A celebración deste logro tamén se estende á afección, que acompañou ao equipo en cada paso do camiño e foi unha peza fundamental para acadar o obxectivo. O apoio constante desde a bancada converteuse nun respaldo decisivo durante toda a tempada.

Desde o Concello de Sarria traslada-

ron o seu recoñecemento e orgullo por este paso adiante, felicitando aos integrantes do club por unha conquista que xa forma parte da historia deportiva do municipio.

TORNEO MEIGALLOS. O club Os Meigallos F.S. xa prepara unha nova edición do seu tradicional torneo de fútbol sala coa convocatoria do XIX Torneo Os Meigallos 2026, unha cita deportiva consolidada que volverá celebrarse en Sarria os días 19, 20 e 21 de xuño de 2026.

Así, a entidade abre o prazo de inscrición para os equipos interesados en participar nesta competición, dirixida ás categorías de base. O torneo contará con partidos en prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, infantil feminino, cadete e xuvenil.

O contacto coa organización será a través dos teléfonos 633196855 (Álvaro), 681050823 (Saúl), 630433756 (Violeta) e 636044283 (Poy), así como no correo electrónico osmeigallos@yahoo.es ata o 12 de xuño.

A SD Sarriana descende a Terceira RFEF tras unha tempada de máxima esixencia

O primeiro equipo da SD Sarriana consumou o seu descenso a Terceira RFEF despois de caer fronte ao Rayo Cantabria nun encontro no que o conxunto sarriano mostrou bo xogo e dispuxo de numerosas ocasións de gol, pero non logrou materializalas, mentres que o rival soubo aproveitar as súas opcións para levar a vitoria.

Deste xeito, o club pecha unha campaña marcada pola esixencia dunha categoría moi competitiva, á que chegara o pasado ano tras lograr o ascenso a Segunda RFEF despois dunha tempada moi disputada. Así, a Sarriana non puido

asegurar a permanencia nun curso no que moitos especialistas sinalan que a primeira experiencia nunha nova categoría adoita ser especialmente complicada.

Ao longo da tempada, dous adestradores dirixiron o banco co obxectivo de consolidar o proxecto en Segunda RFEF: Iván Carril, que estivo á fronte do equipo ata novembro, e Dani Giménez, actual adestrador. Porén, non o conseguiron. Tras esta etapa en Segunda RFEF, o equipo de maior nivel da entidade regresará á Terceira RFEF, categoría na que competirá de novo na tempada 2026-2027.

A AC Taekwondo Sarria logra 34 medallas nun Campionato

A AC Taekwondo Sarria participou no Campionato Provincial en idade escolar celebrado en Monforte e que serve pra campionato autonómico previsto para o 9 de maio. A entidade regresou cun balance de 34 medallas, repartidas en 10 ouros, 12 pratas e 12 bronces.

Entre os primeiros postos acadados polo club figuran as medallas de ouro da parella B formada por Claudia Fernández e Brais Lombardero, da parella benxamín integrada por Carla Rodríguez e Martín Varela, así como os títulos individuais benxamíns de Martín Varela e Carla Rodríguez. Tamén subiron ao máis alto do podio a parella alevín composta por Mateo Pontón e Aylén Pumarega, o trío benxamín feminino formado por Adriana Fernández, Iria López e Triana Suárez, e o trío alevín masculino integrado por Mateo Pontón e Izan Rigueiro.

Completaron os ouros Brais Lombardero en categoría cadete masculina, Aarón González en xuvenil masculino e o trío xuvenil masculino formado por Aarón González, Lucas Trebolle e Matías Gallent.

As medallas de prata chegaron a través de Sergio Castro en benxamín masculino, da parella benxamín composta por Daniela Maside e Sergio Castro, e do trío infantil feminino formado por Alba González, Clara Argiz e Alejandra Díaz. Tamén lograron segundos postos o trío benxamín



masculino de Lucas Díaz, Mauro García e Martín López, o trío benxamín feminino de Eire González, Yaslin López e Valeria Castro, Aylén Pumarega en alevín feminino e Izan Rigueiro en alevín masculino.

A relación de pratas complétase co trío alevín feminino formado por Candela Varela, Nerea Rubio e Zulema Varela, a parella infantil de Alba González e Daniel Rivas, o trío infantil masculino integrado por Noel Prestamo, Martín Cedrón e Mario Fernández, Claudia Fernández en cadete feminino e Lucas Trebolle en xuvenil masculino.

Pola súa banda, os bronces foron para Mauro García en benxamín masculino, a parella benxamín formada por Christopher Marcano e Cloe Gómez, os tríos benxamíns masculinos compostos por Leo Pu-

marega, Alessandro Benformatto e Izan Pontón, así como por Martín Torrente, Nathan Fernández e Iago Muñoz. Tamén obtiveron terceiro posto Daniela Maside en benxamín feminino, a parella infantil de Clara Argiz e Daniel Montes, o trío infantil masculino de Daniel Montes, Brais Vázquez e Pedro Jacob, Arancha Riveiro en cadete feminino, Cleo Celeiro en xuvenil feminino, Matías Gallent en xuvenil masculino e o trío xuvenil feminino formado por Alma de Sousa, Cleo Celeiro e Noa Choren. Tamén participaron na competición Matías Pardo, Mario Pérez, Adri Díaz, Alma de Sousa, Leyre López, Gabriel e Nico González, Naiara Muñoz, Ginés Díaz e Martín Jato. Desde o club trasladaron os seus parabéns a toda a expedición polos resultados acadados e polo esforzo realizado.

O 3x3 Urban Basket Vila de Sarria celebrarase os días 12 e 13 de xuño

O torneo 3x3 Urban Basket Vila de Sarria, organizado polo Club de Baloncesto Sarria co apoio do Concello de Sarria e da área de Deportes da Deputación de Lugo, xa ten datas confirmadas e disputarase os días 12 e 13 de xuño na Praza da Vila. A competición contará con categorías para todas as idades, incluíndo as modalidades KDT-INF e MINI mixto, nas que o equipo gañador recibirá un premio de 120 euros. Ademais, celebrarase un concurso de triplas que repartirá 100 euros ao primeiro clasificado. No caso da categoría sénior, dirixida a participantes maiores de 16 anos, os premios serán de maior contía, cun primeiro posto dotado con 1200 euros e un lote de produ-



tos gastronómicos, mentres que o segundo clasificado obterá 500 euros e o terceiro, 250 euros.

O evento contará tamén con catro pistas oficiais de 3x3, árbitros federados e diferentes elementos

para dinamizar a competición, como a presenza dun DJ e un *speaker*, así como a organización de partidos nocturnos, configurando unha proposta deportiva e de lecer para a fin de semana.

“Queremos que veñan contentas adestrar e gocen do deporte”

Diana Sánchez García, presidenta do Club Ximnasia Rítmica Atalaia, pon en valor o método de traballo diferente que levan a cabo coas ximnastas

Jessica Fernández

Con que intención se crea o Club Ximnasia Rítmica Atalaia?

O Club Ximnasia Rítmica Atalaia nace na tempada 2024-2025 despois de ser durante moitos anos adestradoras noutro club. Así, decidimos dar o paso e montar o noso propio club para traballar dunha forma diferente, xa que cremos que unha base firme desde idades temperás permite sacar deportistas facilmente e desde unha aprendizaxe respectuosa. Así, o máis importante que transmitimos ás ximnastas é compañeirismo, respecto, disciplina, esforzo e capacidade de superación desde pequenas. Hoxe en día contamos con arredor de 70 licenzas.

En que consiste esa maneira de traballar diferente?

Nós temos unha preparadora física que nos fai unha programación anual e unha planificación mensual para as nenas de competición, e nos adestramentos teñen unha programación cunhas cargas específicas de peso, para potencia de salto, para a mellora do equilibrio... co obxectivo de mellorar o rendemento das ximnastas. Para as nenas máis pequenas, da escola que é unha parte máis lúdica, non se aplica iso.

Como é, entón, un adestramento no Atalaia?

Temos clases de 16.00 horas a 21.30 horas e empezan as máis pequeniñas coa parte máis lúdi-

ca na que se traballa traballo de psicomotricidade, oído musical... é dicir, unha entrada á ximnasia rítmica. E ao longo do día vai aumentando o nivel, ata as de competición. E repártense, dependendo dos niveis nos que estean, máis horas ou menos horas, desde as de nivel B, que adestran unha hora e media, ata a prebase, que adestran dúas horas e media e catro días á semana. As prebase, que son as que teñen o nivel máis alto, adestran 10 horas semanais. Hai catro niveis, que son nivel B, escolar, promoción e prebase. E dentro de cada nivel temos varias categorías, que son desde a iniciación, que son a partir dos 5 anos, e ata xuvenil, entre 16 e 20 anos; pero tamén temos nenas de 3 anos e temos un neno de 5 anos que comezou esta tempada, aínda non está ao nivel de competición, pero para o ano que vén entrará.

É todo un éxito ter un neno, non?

Si, estamos moi contentas porque ao final é un deporte como moi feminizado e gústanos pois que tamén haxa nenos que practiquen o deporte e que outros o vexan.

Que beneficios supón formar parte do club?

Nós o que facemos é ensinarlles, desde moi pequenas, as melloras que teñen cunha planificación e unha programación. Porque, evidentemente, contar cunha preparadora física é un gasto para o club, pero é un investimento para

intentamos que todos os adestramentos sexan moi planificados e programados co pouco tempo que tes para sacar o mellor de cada unha.

Valorando estas dúas tempadas, as nenas séntense a gusto con esa forma de traballar?

Un provincial, que é o que fai a federación, non se pode facer aquí, en Sarria, porque non dá a altura. Non é o mesmo un torneo, que si pode celebrarse, pero si que nos gustaría contar cun pavillón alto. **Cal é o obxectivo a futuro do club?**



as nenas. Porque, ao final, ti estás formando deportistas, xa que queremos que as nenas melloren e teñan un rendemento mellor. Por iso, intentamos inculcarlles os valores propios do deporte e que ten que haber un esforzo e unha disciplina. É dicir, non poden ir xogar. O xogo é para unha actividade extraescolar. Pero nós temos claro que somos un club que nos dedicamos ao deporte. Entón, o tempo que veñen é para facer deporte. E é un deporte moi esixente. Aquí tes 2 minutos para mostrar todo o traballo que levas facendo durante o ano. Sabemos que é moi esixente, de moita precisión e moi psicolóxico. Por iso

Ás nenas gústalles traballar con planificación, porque van entendendo as cousas desde moi pequenas: como utilizar os aparellos que usan, por que para adestrar utilizamos materiais como gomas, tacos, pesas... Elas van entendendo como vai a cousa e gústalles.

Detectaron algunha necesidade?

Nós o problema que temos é a altura dos pavillóns. Para facer ximnasia rítmica, ti necesitas lanzar un aparello ao aire. A Federación Española e a Internacional pídenche unha altura determinada. E agora mesmo ningún pavillón de Sarria cumpre cos requisitos. Ti queres mellorar un pouco, pero é que non cho permite o pavillón.

Queremos seguir facendo o que estamos facendo ata agora. Gustaríanos manter isto, creo que imos nunha boa liña, ter 70 nenas é un logro e queremos seguir mantendo o que estamos facendo. Non estamos pensando no grande, estamos pensando en manter o ritmo que levamos, que cremos que é bo e ter as nenas contentas, que practiquen un deporte que lles encanta e que veñan felices a adestrar, é o máis importante. Se algún día chegamos a ir a un gran campionato, ben, pero non é o noso obxectivo tampouco. Queremos seguir traballando como o estamos facendo ata agora.

Sarria foi o epicentro da ximnasia rítmica co Torneo Sarria Vila Xacobe

O Club Atalaia de Sarria organizou I Torneo Sarria Vila Xacobe, que reuniu arredor de 600 nenas e rapazas pertencentes a dez clubs de ximnasia rítmica da provincia de Lugo e un da provincia de Pontevedra.

Na competición, que se celebrou no pavillón municipal do Chanto, participaron Escola de Ximnasia Porta Norte, Star Dance, Gravity, C.X. Viveiro, Rítmica Xove, Club Violeta, Club Filigrana, Vilarouza, Club Kendra e o propio club anfitrión. A xornada comezou ás 10.00 horas da mañá e prolongouse ata as 19.00 horas da tarde, converténdose nunha intensa festa deportiva arredor da

ximnasia rítmica.

Como entidade organizadora, o Club Atalaia tamén quixo dar protagonismo ás súas ximnastas máis pequenas, pertencentes á escola, que ofreceron unha exhibición diante das deportistas participantes e das familias que se achegaron ao recinto para gozar da cita.

No plano deportivo, os resultados do conxunto sarriao foron especialmente positivos. Dos sete grupos presentados á competición, só un non conseguiu subir ao podio.

O grupo de iniciación escolar acadou o primeiro posto, infantil escolar foi segundo, cadete es-

colar logrou a primeira posición, prebenxamín promoción rematou segundo, sénior de promoción conseguiu o primeiro posto e cadete prebase tamén foi primeiro.

O torneo deixou unha notable resposta de público durante toda a xornada, cunha presenza constante de familias e afeccionados nas bancadas do pavillón, o que contribuíu a crear un gran ambiente e a respaldar o traballo realizado pola organización. Desde o Club Atalaia valoraron moi positivamente esta primeira edición do torneo e xa confían en poder repetir a experiencia en próximas datas.



DE RUTA EN RUTA

Camiño do Norte por Abadín

Un percorrido de 29 km pola Terra Chá que combina patrimonio, natureza e historia no itinerario xacobeo ao seu paso por Abadín

O Camiño do Norte, ao seu paso por Abadín, atravesa un dos municipios da comarca da Terra Chá no seu longo itinerario xacobeo que parte de Irún e percorre todo o norte da península. Trátase dunha etapa marcada pola suavidade do terreo e pola presenza constante de paisaxes naturais de gran valor ambiental e cultural.

Tras deixar atrás Castropol, o camiño entra en Galicia despois de cruzar o mar Cantábrico a través da ría de Ribadeo, punto de inicio desta ruta na provincia de Lugo. Este itinerario, recoñecido pola UNESCO no ano 2015, discorre ademais por espazos incluídos na Reserva da Biosfera, o que lle

outorga un especial interese paisaxístico e ecolóxico.

No tramo correspondente a Abadín, o percorrido avanza pola ladeira do monte Pena da Roca ata chegar á zona da Xesta. Antes de acceder a este núcleo de poboación, o peregrino ten a posibilidade de visitar a ermida de San Cosme da Montaña, un dos santuarios romeiros máis emblemáticos da Terra Chá, situado no barrio da Xesta, dentro da parroquia de Galgao.

Este espazo de culto acolle cada 27 de setembro unha multitudinaria romaría, nunha tradición que se remonta a máis dun século. As peregrinacións a San Cosme mantéñense vivas na actualidade e seguen a funcionar como punto de encontro espiritual e xeográfi-

co entre as xentes da Terra Chá e da Mariña, froito da súa situación limítrofe entre ambas comarcas.

En canto á súa estrutura, trátase dunha sinxela construción relixiosa de carácter popular, moi representativa da arquitectura rural galega. Na fachada destaca unha cuncha que indica o desvío cara á esquerda, por un camiño que cruza a estrada Nacional-634 ata chegar a Gontán, onde se atopa un albergue de peregrinos.

Na localidade de Gontán sitúase tamén a capela da Virxe de Fátima, levantada a mediados do século pasado por iniciativa privada e onde se celebran as festas parroquiais no mes de maio. A imaxe da Virxe chegou ao templo unha vez rematadas as obras, procedente dun obradoiro escul-



tórico de Santiago de Compostela.

O itinerario continúa cara ao núcleo de Abadín, onde se ergue a igrexa parroquial de Santa María de Abadín. Esta construción ten orixe románica da primeira metade do século XII, á que se lle engadiu unha capela maior no século XVI de estilo gótico isabelino, así como unha sancristía posterior situada na parte traseira.

Na fachada poden observarse dous escudos heráldicos nos que se distinguen estrelas e medias lúas da casa dos Luaces, vinculada a esta parroquia desde o ano 1574. No interior consérvase un retablo maior de estilo renacentista popular, xunto con retablos laterais de factura máis recente.

Xa no tramo final do municipio, o Camiño pasa pola igrexa de San Xoán de Castromaior, unha construción situada sobre un antigo castro, levantada no século XVI e posteriormente reformada. Conta con planta rectangular e cuberta de lousa a dúas augas, destacando no seu interior un retablo maior barroco do século XVIII.

A etapa continúa xa cara ao municipio de Vilalba, atravesando lugares como San Bartolomeu de Corvelle, Martiñán ou Goiriz, ata chegar ao final en Vilalba. En total, trátase dun percorrido de arredor de 29 quilómetros, considerado un dos máis chans e accesibles de todo o Camiño do Norte.



Pili Madeira
FLORISTAS

bicarelo

Rúa da Liberdade, 137
27600 Sarria (Lugo)

982 530 015 / 633 226 988
floristeria@servimadeira.es
www.floristeriamadeira.es



MADEIRA

SERVICIOS FUNERARIOS

Funerarias
Tanatorios
Seguros



Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo
Teléfono y fax 982 53 00 15

funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es